**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 17 DE DECEMBRO DO 2015.**

**ASISTENTES:**

| | |
|---|---|
| **Presidente:**<br>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)<br>**Membros que asisten:**<br>Dª Fabiola García Martínez<br>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral<br>Dª Elvira Pereira Ageitos<br>Dª María Esther Patiño Rey<br>D. Víctor Reiriz Lampón<br>Dª María Herminia Pouso Maneiro | **Interventor:**<br>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)<br>**Secretario Xeral**<br>D. Juan Manuel Salguero del Valle<br>**Membros que non asisten:**<br>Dª Aroa Fernández Cadórniga |

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as trece horas e quince minutos do día dezasete de decembro do dous mil quince, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.**

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 3 de decembro de 2015.

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 16/12/2015, do que resulta un total líquido acumulado de 128.316,18 €, e que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido.

## B) PROPOSTAS DE GASTO.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 1 | Data | 15/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Alcaldía | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Servizo de cea o 17/12/2015 a 35 membros da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil en agradecemento á súa labor | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | BULE MALECÓN, S.L. | |
| Informe: | | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | | |
| Denominación: | **BULE MALECÓN, S.L.** | | | |
| NIF/CIF: | B15862758 | | | |
| Importe (IVE incluído): | **700,00 €** | | | |
| Observacións | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 2 | Data | 09/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Enxeñeira Municipal<br>Uxía Landeira Pereira | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Substitución de luminarias no colexio do Caramecheiro (13+7 luminarias, armario contador e cadro prot. E control) | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L. | |
| Informe: | Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (09/12/2015) | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | | |
| Denominación: | **OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.** | | | |
| NIF/CIF: | B15970692 | | | |
| Importe (IVE incluído): | **2.015,81 €** | | | |
| Observacións | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 3 | Data | 09/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Enxeñeira Municipal<br>Uxía Landeira Pereira | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Substitución de canalóns e arranxo de varios elementos de aluminio no CEIP O Grupo | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L. | |
| Informe: | Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (09/12/2015) | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | | |
| Denominación: | **CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.** | | | |
| NIF/CIF: | B15985187 | | | |
| Importe (IVE incluído): | **4.807,31 €** | | | |
| Observacións | | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 4 | Data | 09/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Enxeñeira Municipal<br>Uxía Landeira Pereira | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | | | |
|---|---|---|---|
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Realización de traballos de limpeza de regos transversais á Avda. da Coruña | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L. |
| **Informe:** | Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (09/12/2015) | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15841166 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **2.994,75 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 5 | **Data** | 09/12/2015 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Enxeñeira Municipal<br>Uxía Landeira Pereira | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración e instalación de dúas bombas de calor no Salón de Plenos e outras dúas nos despachos da Alcaldía | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 3 | **Provedores** | - REFRIGERACIÓN RIVEIRA, S.L.<br>- INSTALACIÓNS PÉREZ, S.L.<br>- FRIAROSA, S.L. |
| **Informe:** | Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (10/11/2015) | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **REFRIGERACIÓN RIVEIRA, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B15405681 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **14.036,00 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 6 | **Data** | 18/11/2015 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá<br>Víctor Reiriz Lampón | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración de vestiario (polo+pantalón+forro polar+botas) para 16 membros da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. |
| **Informe:** | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.** | | |
| **NIF/CIF:** | B36112043 | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **3.542,88 €** | | |
| **Observacións** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 7 | **Data** | 23/11/2015 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Enxeñeira Municipal<br>Uxía Landeira Pereira | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Servizo de auditoría do esdado xeral dos sistemas de abastecemento e saneamento do concello | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. |
| **Informe:** | Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (23/11/2015) | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | |
| **Denominación:** | **EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.** | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | | |
|---|---|---|
| NIF/CIF: | B85097962 | |
| Importe (IVE incluído): | **9.075,00 €** | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 8 | Data | | 02/12/2015 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Educación<br>Mª Herminia Pouso Maneiro | | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Atención de usuarios por ampliación do horario da Biblioteca Municipal nas vacacións do Nadal | | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 2 | **Provedores** | - GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.<br>- SUPER OCIO BROS, S.L. | |
| **Informe:** | Arquiveiro Municipal-José Antonio Otero Sobrido (02/12/2015) | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | | |
| **Denominación:** | **GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.** | | | |
| **NIF/CIF:** | B70072905 | | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **201,60 €** | | | |
| **Observacións** | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 9 | **Data** | | 10/12/2015 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Alcaldía | | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración para a Casa do Concello de 110 unidades de auga natural 18,9 litros, 24 vasos, limpeza e mantemento | | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | DISTRIBUCIONES A TELLEIRA | |
| **Informe:** | | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | | |
| **Denominación:** | **DISTRIBUCIONES A TELLEIRA** | | | |
| **NIF/CIF:** | 52454304K | | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **648,56 €** | | | |
| **Observacións** | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 10 | **Data** | | 10/12/2015 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade<br>Mª Esther Patiño Rey | | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Subministración para a UAD de 90 unidades de auga natural 18,9 litros, 24 vasos, limpeza e mantemento | | | |
| **Nº orzamentos aportados** | 1 | **Provedores** | DISTRIBUCIONES A TELLEIRA | |
| **Informe:** | | | | |
| **PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.** | | | | |
| **Denominación:** | **DISTRIBUCIONES A TELLEIRA** | | | |
| **NIF/CIF:** | 52454304K | | | |
| **Importe (IVE incluído):** | **435,60 €** | | | |
| **Observacións** | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Nº Proposta** | 11 | **Data** | | 16/12/2015 |
| **SERVIZO/CONCELLERÍA** | Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade<br>Mª Esther Patiño Rey | | | |
| **DESCRICIÓN DO GASTO** | Servizo de comedor (do 19/12/2015 a 10/01/2016 incluídos) para 28 persoas, co motivo do peche do Comedor Social de Cáritas durante as | | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | | | |
|---|---|---|---|
| | festividades do Nadal | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | CAVEIRO HOSTELERÍA Y SERVICIOS, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **CAVEIRO HOSTELERÍA Y SERVICIOS, S.L.** | | |
| NIF/CIF: | B70378849 | | |
| Importe (IVE incluído): | **3.863,61 €** | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 12 | Data | 11/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de 115 unidades de xogos educativos, co motivo da posta en funcionamento do programa Nadal Solidario | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | MARÍA DOLORES BRETAL MARTÍNEZ |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | MARÍA DOLORES BRETAL MARTÍNEZ | | |
| NIF/CIF: | 33254333J | | |
| Importe (IVE incluído): | **1.668,41 €** | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 13 | Data | 11/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de 10 lotes de neceser Dove Nadal, co motivo da posta en funcionamento do programa Nadal Solidario | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | GADIS 945 |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **GADIS 945** | | |
| NIF/CIF: | | | |
| Importe (IVE incluído): | **95,00 €** | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 14 | Data | 11/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de 100 lotes de alimentos de Nadal, co motivo da posta en funcionamento do programa Nadal Solidario | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | GADIS 945 |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **GADIS 945** | | |
| NIF/CIF: | | | |
| Importe | **2.325,00 €** | | |

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

| | |
|---|---|
| (IVE incluído): | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 15 | Data | 11/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade<br>Mª Esther Patiño Rey | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Material impreso da Campaña Comercio Solidario, co motivo da posta en funcionamento do programa Nadal Solidario | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. | |
| Informe: | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | |
| Denominación: | SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. | | | |
| NIF/CIF: | J15626245 | | | |
| Importe (IVE incluído): | **176,40 €** | | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 16 | Data | 09/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Departamento de Prensa<br>Abdón Dorca Santos | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Inserción de 2 páxinas publicitarias en especiais navideños, co motivo da celebración das Festas do Nadal | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | LA VOZ DE GALICIA, S.A. | |
| Informe: | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | |
| Denominación: | LA VOZ DE GALICIA, S.A. | | | |
| NIF/CIF: | A15000649 | | | |
| Importe (IVE incluído): | **1.815,00 €** | | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 17 | Data | 09/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Departamento de Prensa<br>Abdón Dorca Santos | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Inserción de 1 páxina publicitaria en especiaL navideño, co motivo da celebración das Festas do Nadal | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | EDITORIAL COMPOSTELA, S.A. | |
| Informe: | | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | | |
| Denominación: | EDITORIAL COMPOSTELA, S.A. | | | |
| NIF/CIF: | A15000391 | | | |
| Importe (IVE incluído): | **1.815,00 €** | | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nº Proposta | | 18 | Data | 09/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | | Departamento de Prensa<br>Abdón Dorca Santos | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | | Inserción de 1 páxina publicitaria en especiaL navideño, co motivo da celebración das Festas do Nadal | | |
| Nº orzamentos | 1 | Provedores | EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| aportados | | | |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | EDITORIAL LA CAPITAL, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B15162068 | | |
| Importe (IVE incluído): | **1.452,00 €** | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 19 | Data | 09/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Departamento de Prensa<br>Abdón Dorca Santos | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Cobertura publicitaria en prime time, gravación, montaxe e emisión das actividades de Nadal, co motivo da celebración das Festas do Nadal | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | EVENTOS INSUELA, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | EVENTOS INSUELA, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B70369756 | | |
| Importe (IVE incluído): | **1.210,00 €** | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 20 | Data | 15/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Cultura<br>Fabiola García Martínez | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Actuación de Coro de Gospel, co motivo da celebración do Programa de Nadal Cultural 2015/2016 | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | LAGOMAR RIBEIRA, S.C. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | LAGOMAR RIBEIRA, S.C. | | |
| NIF/CIF: | J70430236 | | |
| Importe (IVE incluído): | **605,00 €** | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 21 | Data | 15/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Cultura<br>Fabiola García Martínez | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Servizo de 2 monitores de actividades de tempo libre 7 días con inchables e ambientación musical infantil e aluguer de vehículo, co motivo da celebración do Programa de Nadal Cultural 2015/2016 | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L. | | |
| NIF/CIF: | B70072905 | | |
| Importe | **1.376,54 €** | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | |
|---|---|
| (IVE incluído): | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 22 | Data | 15/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Cultura<br>Fabiola García Martínez | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Organización do Nadal Pelegrín (Actividades multicisciplinares nas diferentes parroquias), co motivo da celebración do Programa de Nadal Cultural 2015/2016 | | |
| Nº orzamentos aportados | 2 | Provedores | - OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.<br>- IN9 EVENTOS, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.** | | |
| NIF/CIF: | B70329321 | | |
| Importe (IVE incluído): | **21.719,50 €** | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 23 | Data | 15/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Cultura<br>Fabiola García Martínez | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Organización (4 monitores, material non funxible, equipo de son e ambientación musical) do enREDA DO NADAL (Obradoiros multidisciplinares e actividades de ocio), co motivo da celebración do Programa de Nadal Cultural 2015/2016 | | |
| Nº orzamentos aportados | 3 | Provedores | - OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.<br>- IN9 EVENTOS, S.L.<br>- MARÍA FERNANDA CORES CES |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **MARÍA FERNANDA CORES CES** | | |
| NIF/CIF: | 52936784F | | |
| Importe (IVE incluído): | **3.980,90 €** | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Nº Proposta | 24 | Data | 15/12/2015 |
| SERVIZO/CONCELLERÍA | Concellería de Cultura<br>Fabiola García Martínez | | |
| DESCRICIÓN DO GASTO | Subministración de 150 litros de gasóleo C para o xenerador do mercado municipal onde terán lugar as actividades, co motivo da celebración do Programa de Nadal Cultural 2015/2016 | | |
| Nº orzamentos aportados | 1 | Provedores | COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L. |
| Informe: | | | |
| PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación. | | | |
| Denominación: | **COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L.** | | |
| NIF/CIF: | B15668072 | | |
| Importe (IVE incluído): | **84,00 €** | | |
| Observacións | Gasto anticipado con cargo ao orzamento do exercicio 2016 | | |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**SOLICITUDES BONO-BUS.**

Visto o escrito presentado por Mª Mar Barreiro Lourido en representación de **Ainara Rodríguez Barreiro**, de data 11/12/2015 (Rexistro de entrada nº 12.701), no que solicita o servizo de bono-bus co motivo de estar matriculada no centro de formación aeronáutica Air-Hostess, en Santiago de Compostela. Esta formación non se oferta no Concello de Riveira nin nos concellos limítrofes.

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Educación, Mª Herminia Pouso Maneiro, de data 15/12/2015.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a expedición de bono-bus a **Ainara Rodríguez Barreiro**.

**MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO.**

**Modificación de Crédito. Xeración de Crédito 25/15:**

Vista a Proposta da Alcaldía de data 16/12/2015 na que propón a aprobación da **Xeración de Crédito 25/15**, co motivo da sinatura (07/12/2015) da addenda ao convenio coa Fundación INCYDE, a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e o Concello de Riveira para a creación dun Viveiro de Empresas en Riveira, sendo o obxecto da mencionada addenda o financiamento de equipamento para dito viveiro, e de acordo co seguinte detalle:

**XC 25/15**

| Partida de gasto | | |
|---|---|---|
| Clasificación por programas | Clasificación económica | Aumento |
| 241E | 622.00 | 16.000,00 € |
| Total | | 16.000,00 € |
| Concepto de ingreso | | Aumento |
| 780.00 | | 16.000,00 € |
| Total | | 16.000,00 € |

Vista a documentación que obra no expediente e o informe favorable do Interventor Acctal., Jorge González Mariño de data 16/12/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación a **Xeración de Crédito 25/15,** proposta pola Alcaldía.

**EXPEDIENTES DE FRACCIONAMENTO DE PAGO.**

**FRACCIONAMENTO DE PAGO A RAMONA RODRÍGUEZ LAMPÓN.**

Expediente: 2015-00000017

Visto o escrito presentado por **Ramona Rodríguez Lampón**, de data 03/12/2015, no que solicita o fraccionamento de pago de liquidación tributaria.

Visto o informe con proposta de resolución emitida ao respecto pola Tesourería Municipal, de data 16/12/2015.

**A Xunta de Goberno Local,** de conformidade ca citada proposta de resolución, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**PRIMERO.-** CONCEDER o fraccionamento solicitado e se liquide o xuro de demora desde o día seguinte ao fin do periodo voluntario ata a data de vencemento do prazo concedido ou, no seu caso, de cada fracción de débeda, de acordo co artigo 53 do Regulamento Xeral de Recadación, establecéndose como prazos e cantidades a ingresar os seguintes:

| Fracción | Vencemento | Importe fracción |
|---|---|---|
| 01 | 05/01/2016 | 124,57 € |
| 02 | 05/02/2016 | 124,57 € |
| 03 | 05/03/2016 | 124,57 € |
| 04 | 05/04/2016 | 124,57 € |
| 05 | 05/05/2016 | 124,57 € |
| 06 | 05/06/2016 | 124,57 € |

**SEGUNDO**.- Notificar ao/á interesado/a o acordo anterior, advertíndolle que:

1.- Nos aprazamentos a falta de pago das cantidades aprazadas na data do seu vencemento, determinará a súa inmediata esixibilidade, en vía de apremio. Esixirase o apremio do principal da débeda, os xuros de demora devengados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento do prazo concedido e o recargo do periodo executivo sobre a suma de ambos conceptos.

2.- Nos fraccionamentos, pola fracción non pagada e os seus xuros, expedirase a correspondente providencia de apremio, co recargo executivo sobre a suma de ambos conceptos e de non producirse o ingreso das cantidades anteriores se considerarán vencidas as fraccións pendentes, que se esixirán polo procedemento de apremio.

3.- De conformidade co establecido no artigo 52.2 do Regulamento Xeral de Recadación:

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

a) Os pagos que o Concello deba realizar ao obrigado durante a vixencia do presente acordo quedarán afectos ao cumprimento do aprazamento. A tal efecto, entenderase, nos supostos de concesión de aprazamentos ou fraccionamentos concedidos con dispensa total ou parcial de garantías, que desde o momento da resolución se formula a oportuna solicitude de compensación para que surta os seus efectos en canto concorran créditos e débitos, aínda cando esto poida supoñer vencementos anticipados dos prazos e sen perxuízo dos novos cálculos de xuros de demora que resulten procedentes.
b) O mantemento e eficacia do presente acordo queda condicionado a que, durante a súa vixencia, o interesado se encontre ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello.

**III.- CONTRATACIÓN.**

**1.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E NA XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO E OUTRAS SANCIÓNS DO CONCELLO DE RIVEIRA".**

Visto o expediente que se tramita para contratar a "Prestación dos servizos de colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Riveira".

O Prego de prescricións técnicas particulares e o Prego de cláusulas administrativas particulares para rexe-la contratación foron aprobados por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 16/04/2015.

O expediente de contratación (por procedemento aberto con varios de criterios de adxudicación e con tramitación ordinaria) foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa mesma sesión da data 16/04/2015.

A licitación anunciouse no Diario Oficial da Unión Europea da data 29/04/2015 (referencia 2015/S 083-147746), no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 80, da data 30/04/2015), no Boletín Oficial do Estado número 107, da data 05/05/2015), e no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 24/04/2015.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito ó Rexistro Xeral, D. Manuel Pino Rengel, na data 26/08/2015 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1.- "Catoure, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 01/06/2015, co número 5572.

2.- "Recyges, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 03/06/2015, co número 5728.

3.- "Servicios de Colaboración Integral, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 05/06/2015, co número 5840, presentado a través da oficina de correos na data 03/06/2015.

Una vez realizada a apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa) das ofertas presentadas, e despois de analizada a documentación aportada por cada unha delas, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 08/09/2015, acordou declarar admitidas a esta licitación ás empresas "Catoure, S.L." e "Recyges, S.L." e requirir a "Servicios de Colaboración Integral, S.L." para que emendasen os defectos ou omisións observados na documentación presentada (do xeito que se indica na correspondente acta levantada ó efecto), baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido (2 días hábiles) non procedesen á emenda da documentación.

O requirimento realizouse por medio de escrito rexistrado de saída na data 09/09/2015 co número 5721, que se notificou á empresa na mesma data 09/09/2015.

Na data 10/09/2015 tivo entrada no rexistro xeral do Concello co número 9402 a documentación requirida.

Unha vez rematado o prazo de emenda e á vista da documentación aportada pola empresa requirida, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 18/09/2015, acordou dar por cumprido o requirimento de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitida a esta licitación á empresa "Servicios de Colaboración Integral, S.L.", por considerar correcta a nova documentación presentada.

Acto seguido, e xa en acto público, na mesma reunión celebrada na data 18/09/2015, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos sobres "B" (oferta técnica–criterios dependentes de xuízos de valor) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, acordando, logo dunha sucinta lectura da documentación presentada, dar traslado da mesma ós servizos técnicos municipais para que emitisen o informe técnico debidamente motivado respecto dos criterios de adxudicación avaliables mediante xuízos de valor que figuran no apartado 2 da cláusula sétima do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Con data 14/10/2015 o tesoureiro municipal emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na citada reunión da data 18/09/2015, co detalle que no mesmo se recolle respecto de cada oferta e coa proposta de puntuacións correspondentes a cada licitador.

Á vista do citado informe do tesoureiro municipal e da documentación presentada polos licitadores nos seus respectivos sobres "B", a Mesa de Contratación, en reunión da data 27/10/2015, acordou outorga-las puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" (oferta técnica–criterios

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

dependentes de xuízos de valor):

| Criterio de valoración | Catoure, S.L. | S.C.I., S.L. | Recyges, S.L. |
|---|---|---|---|
| Proxecto da xestión recadadora | 6 | 8 | 10 |
| Redución prazo na posta en marcha do servizo | 3 | 6,5 | 13 |
| Medios materiais e persoais | 6 | 3 | 10 |
| Melloras non previstas expresamente no prego | 3 | 7 | 10 |
| TOTAL | 18 | 24,5 | 43 |

Seguidamente, xa en acto público, a Mesa de Contratación dou conta do resultado anteriormente indicado, procedendo a continuación á apertura dos sobres "C" (de criterios avaliables automaticamente) de cada un dos licitadores que resultaron admitidos, dando o resultado que se detalla a continuación e á vista do que acordou outorga-las puntuacións que tamén se indican, unha vez efectuadas as valoracións aplicando os criterios e fórmulas que figuran no apartado 1 da cláusula sétima do Prego de cláusulas administrativas particulares:

| Criterio de valoración | Catoure, S.L. | | S.C.I., S.L. | | Recyges, S.L. | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Oferta | Puntos | Oferta | Puntos | Oferta | Puntos |
| Colaboración en vía de constrinximento con excepción das multas de tráfico: porcentaxe sobre o principal de cada recibo ou liquidación cobrado | 21% | 20 | 21% | 20 | 21% | 20 |
| Colaboración en vía de constrinximento con excepción das multas de tráfico: porcentaxe sobre os xuros de demora | 15% | 5 | 15% | 5 | 15% | 5 |
| Colaboración na xestión administrativa das multas e sancións en período voluntario | 31% | 20 | 31% | 20 | 31% | 20 |
| Colaboración na xestión administrativa das multas e sancións en período executivo | 33% | 6 | 33% | 6 | 33% | 6 |
| PUNTUACIÓN TOTAL | 51 | | 51 | | 51 | |

Vista a proposta realizada pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 27/10/2015, a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 12/11/2015, adoptou o seguintes acordos:

*PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación da "Prestación dos servizos de colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Riveira", do seguinte xeito:*

| *Orden* | *Licitador* | *Puntuación* | | |
|---|---|---|---|---|
| | | *Sobres B* | *Sobres C* | *TOTAL* |
| *1º* | *Recyges, S.L.* | *43,00* | *51,00* | *94,00* |

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *2º* | *Servicios de Colaboración Integral, S.L.* | *24,50* | *51,00* | *75,50* |
| *3º* | *Catoure, S.L.* | *18,00* | *51,00* | *69,00* |

*SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, REQUIRIR A "RECYGES, S.L.", que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación xustificativa de ter constituída a garantía definitiva e os documentos esixidos no artigo 146.1 do TRLCSP e demais que se fixeron constar na declaración responsable incluída no sobre A, así como a xustificación de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a xustificación desto, e de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir ó contrato conforme ó artigo 64.2 do TRLCSP.*

*De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

*Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.*

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 18/11/2015.

Dentro do prazo concedido a empresa "Recyges, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 25/11/2015 co número 12.202), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 25/11/2015 (nº operación: 2015 33008548), xustificativa de constitución de aval do Banco Santander como fianza do contrato por importe de 12.752,58 euros.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 15/12/2015.

Vistos os antecedentes expostos, e de acordo coa Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co*

*artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común)*, **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS:**

***PRIMEIRO***.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

***SEGUNDO***.- De conformidade co establecido na cláusula 12ª do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 12/11/2015, **adxudica-lo contrato para a "Prestación dos servizos de colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Riveira", á empresa "Recyges, S.L." (NIF número B81093288), nas seguintes condicións contractuais:**

**a) Prezo do contrato**: A retribución dos traballos a realizar será a seguinte:

a.1) Pola colaboración en vía de constrinximento con excepción das multas de tráfico: porcentaxe sobre o principal de cada recibo ou liquidación cobrado: 21%

a.2) Pola colaboración en vía de constrinximento con excepción das multas de tráfico: porcentaxe sobre os xuros de demora: 15%

a.3) Pola colaboración na xestión administrativa das multas e sancións en período voluntario: 31%

a.4) Pola colaboración na xestión administrativa das multas e sancións en período executivo: 33%

**b) Duración do contrato**: Será de dous anos desde a data da súa sinatura, prorrogable por mutuo acordo expreso das partes antes da finalización daquel, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos.

***TERCEIRO***.- De conformidade co establecido na cláusula 13ª do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao tratarse dun contrato susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 40.1 do TRLCSP, a formalización do mesmo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido o prazo previsto en el parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

***CUARTO***.- De conformidade coa cláusula 16ª do Prego de Cláusulas Administrativas particulares, o responsable do contrato será o tesoureiro municipal.

***QUINTO***.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

**2.- Adxudicación do contrato para executa-las obras do proxecto denominado "MELLORAS NA CAPELA DE CARREIRA".**

Visto o expediente que se tramita para contratar, as obras do proxecto de "**Melloras na Capela de Carreira**", cun orzamento total por contrata de 99.864,78 euros (valor estimado do contrato: 82.532,88 euros; IVE 21%: 17.331,90 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro de 2015, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión da data 08/10/2015.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo- e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61921, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa citada sesión da data 08/10/2015.

Por tratarse dun contrato de obras cuxo valor estimado é inferior a 200.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:

A) "Construcciones Figueiras Vixán, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.022.

B) "Tarrío y Suárez, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.023.

C) "Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.024.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito ó Rexistro Xeral, Manuel Antonio Pino Rengel, na data 13/11/2015 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1. "Construcciones Figueiras Vixán, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 09/11/2015 co número 11.502.
2. "Construcciones Jenaro Cadaval, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/11/2015 co número 11.714.
3. "Tarrío y Suárez, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 13/11/2015 co número 11.796.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 16/11/2015, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás tres empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público da apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 19/11/2015, dando o seguinte resultado:

| *Licitador* | *Oferta económica* | | |
|---|---|---|---|
| | *Valor estimado* | *IVE 21%* | *Prezo total* |
| Construcciones Figueiras Vixán, S.L. | 73.000,00 € | 15.330,00 € | 88.330,00 € |
| Construcciones Jenaro Cadaval, S.L. | 76.755,58 € | 16.118,67 € | 92.874,25 € |
| Tarrío y Suárez, S.L. | 78.406,23 € | 16.465,31 € | 94.871,54 € |

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 15.5 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos,

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 19/11/2015.

A Xunta de Goberno Local, na súa reunión da data 19/11/2015, adoptou os seguintes acordos:

*- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado "MELLORAS NA CAPELA DE CARREIRA",do seguinte xeito:*

| *Orde* | *Licitador* | *Prezo total ofertado IVE. 21% incluído* |
|---|---|---|

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

| | | |
|---|---|---|
| *1º* | *Construcciones Figueiras Vixán, S.L.* | *88.330,00 €* |
| *2º* | *Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.* | *92.874,25 €* |
| *3º* | *Tarrío y Suárez, S.L.* | *94.871,54 €* |

*- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, REQUIRIR A "CONSTRUCCIONES FIGUEIRAS VIXÁN, S.L.", que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a garantía definitiva e demais documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

*Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.*

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 23/11/2015.

Dentro do prazo concedido a empresa "Construcciones Figueiras Vixán, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 04/12/2015 co número 12.538), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 04/12/2015 (nº operación: 2015 33008668), xustificativa de constitución de aval de Abanca (R.E.A. nº 352998) como fianza do contrato por importe de 3.650,00 euros.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión celebrada na data 15/12/2015.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTES ACORDOS:**

***PRIMEIRO***.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

***SEGUNDO***.- De conformidade co establecido na cláusula 16.3 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 19/11/2015, **adxudica-lo contrato para realiza-las obras do proxecto de "MELLORAS NA CAPELA DE CARREIRA" á empresa "Construcciones Figueiras Vixán, S.L." (NIF número B-15668437), nas seguintes condicións contractuais:**

**a) Prezo total do contrato: 88.330,00 euros (Base: 73.000,00 euros; IVE 21%: 15.330,00 euros).**

**b) Prazo de execución: 2 meses**, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Dª. Uxía Landeira Pereira con data xaneiro de 2015.

***TERCEIRO***.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

***CUARTO***.- **Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Dª. Uxía Landeira Pereira**.

***QUINTO***.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

**3.- Adxudicación do contrato para executa-las obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DO CRUCEIRO DO OUTEIRO. TRAMO 1 (ARTES)".**

Visto o expediente que se tramita para contratar, as obras do proxecto de "**Pavimentación do entorno do Cruceiro do Outeiro. Tramo 1 (Artes)**", cun orzamento total por contrata de 57.738,59 euros (valor estimado do contrato: 47.717,84 euros; IVE 21%: 10.020,75 euros), e cun prazo de execución de 1,5 meses.

O investimento foi incluído no "**POS adicional 1/2014**", aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data

26/05/2015, segundo notificación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 04/06/2015 co número 5741.

O proxecto foi redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data abril de 2015.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo- e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61942, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 29/10/2015.

Por tratarse dun contrato de obras cuxo valor estimado é inferior a 200.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:

A) "Sonense de Granitos, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.025.

B) "Excavaciones Abelleira, S.L."- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.026.

C) "Excavaciones Nima, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.027.

D) "Florida Galicia, S.L.".- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.028.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito ó Rexistro Xeral, Manuel Antonio Pino Rengel, na data 13/11/2015 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1. "Sonense de Granitos, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/11/2015 co número 11.588.
2. "Florida Galicia, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/11/2015 co número 11.589.
3. "Excavaciones Abelleira, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 11/11/2015 co número 11.648.
4. "Excavaciones Nima, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/11/2015 co número 11.730.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 16/11/2015, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás catro

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público da apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 19/11/2015, dando o seguinte resultado:

| *Licitador* | *Oferta económica* | | |
|---|---|---|---|
| | *Valor estimado* | *IVE 21%* | *Prezo total* |
| Sonense de Granitos, S.L. | 37.697,09 € | 7.916,39 | 45.613,48 € |
| Florida Galicia, S.L. | 38.412,86 € | 8.066,70 | 46.479,56 € |
| Excavaciones Abelleira, S.L. | 38.315,00 € | 8.046,15 | 46.361,15 € |
| Excavaciones Nima, S.L. | 37.421,31 € | 7.858,48 | 45.279,79 € |

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece o Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados. Polo tanto, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos,

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 19/11/2015.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 19/11/2015, acordou:

*- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DO CRUCEIRO DO OUTEIRO. TRAMO 1 (ARTES)",do seguinte xeito:*

| *Orde* | *Licitador* | *Prezo total ofertado IVE. 21% incluído* |
|---|---|---|
| *1º* | *Excavaciones Nima, S.L.* | *45.279,79 €* |
| *2º* | *Sonense de Granitos, S.L.* | *45.613,48 €* |
| *3º* | *Excavaciones Abelleira, S.L.* | *46.361,15 €* |
| *4º* | *Florida Galicia, S.L.* | *46.479,56 €* |

*- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, REQUIRIR A "EXCAVACIONES NIMA, S.L.", que é o*

*licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a garantía definitiva e demais documentación que se indica nas cláusulas 12.1 e 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.*

*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.*

*Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.*

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 20/11/2015.

Dentro do prazo concedido a empresa "Excavaciones Nima, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 26/11/2015 co número 12.233), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 26/11/2015 (nº operación: 2015 33008555), xustificativa de constitución de aval de Abanca (R.E.A. nº 352882) como fianza do contrato por importe de 1.871,07 euros.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión celebrada na data 15/12/2015.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos**:

***PRIMEIRO***.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

***SEGUNDO***.- De conformidade co establecido na cláusula 16.3 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 19/11/2015, **adxudica-lo contrato para realiza-las obras do proxecto**

de "Pavimentación do entorno do Cruceiro do Outeiro. Tramo 1 (Artes)" á empresa "Excavaciones Nima, S.L." (NIF número B-15405335), nas seguintes condicións contractuais:

a) **Prezo total do contrato: 45.279,79 euros (Base: 37.421,31 euros; IVE 21%: 7.858,48 euros).**

b) **Prazo de execución: 1,5 meses**, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira con data abril de 2015.

***TERCEIRO***.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

***CUARTO***.- **Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Dª. Uxía Landeira Pereira**.

***QUINTO***.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

## IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

**1.**- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 23 de novembro de 2015 **"Decreto: Aprobación e adxudicación, como contrato menor, das obras de "Ampliación da rede de saneamento na Avenida de Ferrol""**.

**2.**- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 3 de decembro de 2015 **"Decreto: Requirimento para a xustificación dunha oferta económica, en principio, anormal ou desproporcionada, presentada no expediente para a adxudicación do contrato de obras para a "Pavimentación de beirarrúas e renovación de servizos nun tramo da Avenida da Coruña (Riveira)""**.

**3.**- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións (Decreto 03/12/2015), Fabiola García Martínez, de data 04 de decembro de 2015 **"Decreto: Adxudicación do contrato para a "Subministración na modalidade de alugamento, e instalación de arcos, adornos luminosos e outros elementos ornamentais para as Festas de Nadal""**.

**4.**- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 15 de decembro de 2015 **"Decreto: Adxudicación do contrato para a "Subministración e instalación dun sistema de control de accesos en varias rúas peonís de Riveira (Rúa galicia e Rúa Santa Uxía)"".**

**5.**- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 15 de decembro de 2015 **"Decreto: Adxudicación do contrato para executa-las obras do proxecto denominado "Pavimentación de beirarrúas e renovación de servizos nun tramo da Avenida da Coruña (Riveira)"".**

## V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

## VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

**RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE LICENZA DE ACTIVIDADE PROVISIONAL - FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L.**

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Elaboración de peixe fresco e conxelado.
CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbanizable.
REFª CATASTRAL: 15074A023000200000KD.
SITUACIÓN: Lugar de A Graña, Couso, Riveira.
PROMOTOR/A: FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L.
PROXECTO: MEMORIA DE ACTIVIDAD PARA NAVE DE ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO Y CONGELADO visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 16 de xullo de 2011 /
AUTOR/A PROXECTO: Javier Rodríguez Penelas e Elda Seijo Amieiro.
AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS: *PROYECTO "SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE FRIGORÍFICOS RIVEIRA-MAR S.L.". CLAVE PROV-7145› de data 15 DE NOVEMBRO DE 2013 redactado por APPLUS NORCONTROL, S.L.U. / · ‹ADDENDA AL PROYECTO PROV-7145 "AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE FRIGORÍFICOS RIVEIRA-MAR, S.L." de data 13 DE MAIO DE 2014› redactado por CELESTINO FREIRE CASALDERREI (LDO. QUÍMICA). / · "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO AO REGO DO COUSO (CUNCA RÍA DE AROUSA) DE AUGAS RESIDUAIS INDUSTRIAIS DEPURADAS PROCEDENTE DUNHAS INSTALACIÓNS DEDICADAS AO CORTE, CONXELADO E ENVASADO DE PEIXE LOCALIZADAS NO LUGAR DE COUSO – AGUIÑO (T.M. RIBEIRA)" de data 15 DE XANEIRO DE 2015 (ESCRITO CON DATA DO 19 DE XANEIRO DE 2015, SAÍDA 382 / RX 42.276). / · RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DE AUGAS DE GALICIA RELATIVA AO EXPEDIENTE DH.B15.40059, MEDIANTE A QUE SE LLE RECOÑECE A FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR, S.L. DEREITO AO USO PRIVATIVO DUN APROVEITAMENTO DUN CAUDAL DE AUGA PROCEDENTE DUN POZO E SE INSCRIBE O MESMO NO REXISTRO DE AUGAS DE GALICIA de data 1 DE AGOSTO DE 2014.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

## ANTECEDENTES DE FEITO

1.- A Comisión de Goberno na data 5 de outubro de 1989 concedeu a licenza municipal de obra nº 545/89 a entidade MALCOLFER S.A. para construcción de nave para almacén frigorífico e elaboración de conxelados no lugar de A Graña, Couso, Riveira.

2.- Posteriormente a entidade MALCOLFER S.A. na data 17 de abril de 2001 solicitou licenza de actividade clasificada para exercer a actividade de almacén frigorífico, comercio e elaboración de pescados na nave construída ao amparo da licenza municipal de obra nº 545/89.

O expediente da licenza de actividade foi archivado na data 27 de febreiro de 2004 ao non presentar os interesados a documentación que no seu día lle foi requerida polo Concello de Riveira para poder continuar a tramitación do expediente.

3.- Posteriormente por Purificación Junquera Enjamio en representación da empresa FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. solicita en escrito rexistrado de entrada na data 7 de decembro 2011, (Rexistro de entrada nº 16.547), licenza de actividade de elaboración de pescado fresco e conxelado achegando *MEMORIA DE ACTIVIDAD PARA NAVE DE ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO Y CONGELADO" redactado por D. JAVIER RODRÍGUEZ PENELAS E Dª. ELDA SEIJO AMIEIRO VISADO DE DATA 16 DE XULLO DE 2011, COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA.*

4.- O Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga emite informe desfavorable na data 31 de xaneiro de 2012 que se transcribe:

"

(...)

**INFORME SOBRE A INCIDENCIA AMBIENTAL DA ACTIVIDADE NO ÁMBITO LOCAL**

| | |
|---|---|
| ACTIVIDADE: | ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO E CONXELADO |
| SOLICITANTE: | FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR, S.L. |
| EMPRAZAMENTO: | COUSO, LUGAR DA GRAÑA, PARROQUIA DE CARREIRA, RIVEIRA |

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Riveira por Dª. Purificación Junquera Enjamio, de data 7 de decembro de 2011 (escrito con data do 7 de decembro de 2011, entrada núm. 16.547), mediante o que expón: *"Adjunto documentación solicitada (...)"* E solicita: *"Admitan a trámite la documentación y procedan a emitir la correspondiente licencia de actividad"*.

Solicitude de informe efectuada pola Alcaldía de Riveira mediante escrito de data 27 de xaneiro de 2012 (escrito notificado nesa mesma data).

2. DOCUMENTACIÓN EXAMINADA

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

Documentación técnica achegada por Dª. Purificación Junquera Enjamio mediante escrito de data 7 de decembro de 2011 (escrito con data do 7 de decembro de 2011, entrada núm. 16.547):

| | |
|---|---|
| Proxecto técnico denominado: | *"MEMORIA DE ACTIVIDAD PARA NAVE DE ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO Y CONGELADO"* |
| Autores do proxecto: | *D. JAVIER RODRÍGUEZ PENELAS E Dª. ELDA SEIJO AMIEIRO (ARQUITECTOS)* |
| Data: | *XUÑO DE 2010* |
| Visado: | *VISADO DE DATA 16 DE XULLO DE 2011, COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA* |
| Documentación: | *MEMORIA INTRODUCTORIA SOBRE PROXECTO DE INSTALACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO PARA REUTILIZACIÓN DAS AUGAS DE PROCESO* |
| Autores: | *D. JAVIER RODRÍGUEZ PENELAS E Dª. ELDA SEIJO AMIEIRO (ARQUITECTOS)* |
| Data: | *SEN DATA* |
| Visado: | *NON* |
| Documentación: | *"PROYECTO DE INSTALACIÓN DE SISTEMA DE SANEAMIENTO PARA REUTILIZACIÓN DE LAS AGUAS DE PROCESO DE LA EMPRESA FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR – COUSO (RIVEIRA)"* |
| Autor: | *NOINDERN, S.L. (INNOVACIÓN Y PRODUCCIÓN INDUSTRIAL)* |
| Data: | *SEN DATA* |
| Visado: | *NON* |

3. CLASIFICACIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade obxecto da consulta está incluída explicitamente no anexo I do *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental*, no que se recollen aquelas actividades suxeitas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental, concretamente no epígrafe 1.14.1 do anexo I: comercio por xunto de alimentos e bebidas en establecementos cunha superficie superior a 1.000 $m^2$ ou unha potencia superior aos 50 kW.

4. CONSIDERACIÓNS AMBIENTAIS SOBRE A COMPATIBILIDADE DA ACTIVIDADE

4.1. PROTECCIÓN DA ATMOSFERA

O establecemento da actividade estará condicionado ao estrito cumprimento do disposto na normativa aplicable:

- *Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica*
- *Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións*
- *Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolveu a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental*
- *Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas*
- *DB-HR Protección fronte ao ruído, aprobado mediante o R.D. 1371/2007, do 19 de outubro (ou calquera outra normativa aplicable á edificación segundo o caso).*

Os niveis de presión sonora e de vibracións no contorno das instalacións non poderán superar os valores límite de recepción para ruído ambiente exterior e para vibracións establecidos na normativa sobre protección contra a contaminación

acústica. Asemade, deberá garantirse o cumprimento dos niveis de illamento establecidos pola normativa aplicable.

Tal e como se establece no artigo 4º da *Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica* e no seu *Regulamento* aprobado por *Decreto 150/1999, do 7 de maio,* non se poderá iniciar a actividade ou poñer en funcionamento as instalacións en tanto non estea comprobado, mediante certificación expedida por empresa ou entidade homologada, segundo o indicado no artigo 9 da *Lei 7/1997*, que se cumpre a normativa sobre contaminación acústica.

Documentación necesaria:

- Certificación expedida por empresa ou entidade homologada conforme o establecemento cumpre a normativa sobre protección contra a contaminación acústica, segundo se recolle no punto 5 do artigo 4 da *Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica*, e no punto 1 do artigo 16 da *Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións.* Comprobaranse tamén os niveis acústicos e de vibracións provocados pola maquinaria e/ou instalacións.

4.2. AUGAS DE ABASTECEMENTO

A auga empregada nos servizos e procesos de traballo deberá ser potable.

Nas proximidades do lugar previsto para a actividade existe rede municipal de abastecemento de auga.

Na base de datos do Negociado de Urbanismo consta unha solicitude de abastecemento de auga a nome de FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR, S.L. para o lugar de Couso, s/n, Aguiño, de data 19 de maio de 2011 (escrito con data do 19 de maio de 2011, entrada 6.761), expediente con Rexistro de Obras núm. 258/2011. Non existe constancia da resolución adoptada.

A captación de augas para utilización nas instalacións precisará o correspondente permiso de conexión coa rede municipal de abastecemento.

4.3. VERTIDOS Á REDE MUNICIPAL DE SUMIDOIROS

Establece o artigo 5 do *Regulamento de servizo de vertidos á rede de sumidoiros e uso desta do Concello de Riveira* (BOP núm. 254, do 6 de novembro de 2002), ao referirse ás autorizacións de vertidos de augas residuais, o seguinte: *"Todos os edificios, tanto de vivendas como industrias, deberán cumprir as disposicións e normativa do presente regulamento. (...)*
*Non se permitirán vertidos a ceo aberto, nin a sumidoiros alleos ao servizo, nin a eliminación de augas residuais por inxección ao subsolo.*
*Só xustificadamente poderanse autorizar vertidos a leitos públicos ou outros sistemas de eliminación destes, debendo axustarse en tal caso ao establecido na Lei de augas e disposicións complementarias ou outra normativa que resulte de aplicación.*

*En calquera caso, a actividade precisará autorización administrativa do organismo autónomo Augas de Galicia para efectuar o vertido das augas residuais que se xeren nos procesos, así como as procedentes dos aseos e vestiarios. (...)"*

No emprazamento previsto para a actividade non existe rede municipal de sumidoiros nin posibilidade de conexión coa mesma.

A proposta efectuada no documento emitido por NOINDERN, S.L. consiste en minimizar o caudal do efluente industrial reducíndoo entre un 75% e un 80% mediante un proceso de recirculación das augas procedentes da desconxelación do peixe e das cámaras frigoríficas cunha depuración mediante decantación, DAF flotador, reactor anaeróbico e skimmer con inxección de ozono para esterilización. En calquera caso, parte das augas dos procesos industriais (limpezas, baldeos, ...), así como as procedentes dos aseos, non se someterán a esta depuración, polo que se prevé a súa evacuación ao medio receptor.

4.4. XESTIÓN DE RESIDUOS

Deberanse xestionar adecuadamente os residuos de acordo ao establecido, entre outras, nas seguintes normas:

- *Real Decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos*
- *Real Decreto 952/1997, do 20 de xuño, polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, aprobado mediante Real Decreto 833/1988, do 20 de xullo*
- *Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos*
- *Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia*
- *Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia*
- *Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición*
- *Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos*
- *Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados*

Outras consideracións sobre a xestión dos residuos:

- Deberá solicitar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos no caso de producir menos de 10 *t* anuais de residuos perigosos, ou solicitar a autorización de produtor de residuos perigosos no caso de superar a antedita cantidade. Todo iso segundo o establecido no *Decreto 174, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.*
- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

- Adoptaranse as medidas correctoras oportunas co obxecto de que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación, garantindo en todo caso que se impida calquera afección ao medio ambiente. En relación con este aspecto, e no que respecta aos residuos perigosos, cumpriranse as normas técnicas vixentes relativas ao envasado, etiquetado, almacenamento e traslado, establecidas na lexislación vixente.
- Xestión municipal dos residuos sólidos urbanos producidos. O servizo municipal limitarase á recollida de residuos asimilables a domésticos (fracción recollida selectiva de envases e embalaxes domésticos, e fracción resto, residuos asimilables polas súas características aos residuos domiciliarios). Non se admitirán residuos de natureza industrial (envases e embalaxes industriais, restos de madeira, ...) nin perigosos (envases que contiveron residuos perigosos, aceites usados, lodos de depuración, labras empregadas como absorbentes, ...).

4.5. SOBRE A PAISAXE

A área de afección deste proxecto presenta unha notable fraxilidade paisaxística. Non obstante, ao tratarse dunha nave preexistente, non se prevén novas alteracións que poidan ter un impacto visual.

Suxírese realizar un axeitado mantemento das instalacións co fin de que estas presenten un aspecto coidado.

4.6. EXISTENCIA DE ACTIVIDADES ANÁLOGAS NAS PROXIMIDADES

No entorno próximo, nun radio de 1.000 m, hai diversas actividades dedicadas ao procesado de produtos do mar: manipulación, envasado e procesado de peixe fresco, elaboración de conservas de peixes e mariscos, fabricación de fariña de pescado, cocedoiro de mexillón, ...

4.7. EXISTENCIA DE ÁREAS SENSIBLES PRÓXIMAS

Non teño constancia da existencia de áreas sensibles nas proximidades (hospitais, escolas, centros médicos, parques infantís ou similares).

5. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL

Establece o artigo 7.1 do *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental*, ao referirse á documentación que hai que presentar xunto coa solicitude, o seguinte: *"1. Á solicitude deberá anexarse a seguinte documentación:*
*a) Proxecto técnico redactado por técnico competente na materia.*
*b) Unha memoria descritiva na que se detallen os aspectos básicos relativos á actividade, á súa localización e repercusións no ambiente. A memoria deberá conter unha descrición detallada dos tipos, cantidades e composición dos residuos xerados, verteduras e emisións contaminantes e a xestión prevista para eles; os riscos da actividade e proposta de medidas preventivas, correctoras e de autocontrol; técnicas de restauración do medio afectado e programa de seguimento da área restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou cesamento da actividade; os usos*

*permitidos e prohibidos polo planeamento na zona de implantación da actividade; así coma calquera outra información que resulte relevante para a avaliación da incidencia ambiental da actividade.*
*c) Xustificación do cumprimento da lexislación ambiental e sectorial aplicable á actividade, da normativa de seguridade, da relativa ás medidas de autoproteción e saúde e, se é o caso, das ordenanzas municipais que resulten de aplicación.*
*d) Declaración dos datos que a xuízo do solicitante gozan de confidencialidade amparada na normativa vixente. (...)"*

A documentación presentada pola interesada adoece de carencias con respecto aos aspectos recollidos no artigo 7.1 do *Decreto 133/2008*.

6. VALORACIÓN

Dende o punto de vista ambiental a documentación técnica examinada presenta carencias relativas a:

- Descrición detallada dos tipos, cantidades e composición dos residuos xerados, verteduras e emisións contaminantes, aspectos relativos á xestión prevista para eles; os riscos da actividade e proposta de medidas preventivas, correctoras e de autocontrol; técnicas de restauración do medio afectado e programa de seguimento da área restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou cesamento da actividade; outra información relevante para a avaliación da incidencia ambiental da actividade.
- Xustificación do cumprimento da lexislación aplicable en materia de augas (vertido de augas residuais).
- Xustificación dos niveis teóricos de vibracións provocados pola maquinaria e/ou instalacións.
- Xustificación da procedencia da auga de abastecemento.

Medidas protectoras e correctoras para acadar unha adecuada protección do medio ambiente:

- Deberá obter autorización administrativa do organismo autónomo Augas de Galicia para efectuar o vertido das augas residuais.
- Deberá efectuar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos, no caso de producir menos de 10 *t* anuais de residuos perigosos, ou solicitar a autorización de produtor de residuos perigosos no caso de superar a antedita cantidade.
- Os residuos xerados durante as operacións de mantemento e reparación dos equipos, considéranse producidos pola empresa titular da actividade na que participan ditos equipos, polo que será a súa responsabilidade entregalos a xestor autorizado, que poderá ser a empresa de mantemento, sempre e cando esta teña autorización como xestor de residuos ou coma transportista e entregando a xestor autorizado final.
- Os envases nos que se almacenen os residuos perigosos, así como os seus peches, deberán ser resistentes e estar en bo estado, e contar cos dispositivos axeitados que garantan a non existencia de fugas ou derrames sobre o solo. Así mesmo, os

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

residuos perigosos deberán estar etiquetados segundo o establecido na normativa aplicable.

- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia."

5.- Asimismo o Arquitecto Técnico Municipal Antonio Queiruga Sarasquete emite informe técnico desfavorable en relación á normativa urbanística na data 30 de xaneiro de 2012 no que fai constar que:

"

*(...)*

***<u>CONCLUSIÓN:</u>*** *Aún cumpliéndose, en las determinaciones de la documentación anexa a la solicitud y de Memoria de la Actividad, condiciones propias de la misma, se entiende que, <u>sin perjuicio de mejor informe</u>, el uso pretendido, que sería continuidad de un uso preexistente, se trata de un uso no admisible como uso provisional en suelo urbanizable, en atención a lo citado en el art. 102 de la LOUGA."*

6.- Consta no expediente o traslado dos referidos informes, o do Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga desfavorable na data 31 de xaneiro de 2012, e do Arquitecto Técnico Municipal Antonio Queiruga Sarasquete desfavorable na data 30 de xaneiro de 2012, sendo notificados a interesada Purificación Junquera Enjamio na data 10 de febreiro de 2012.

7.- Por Purificación Junquera Enjamio preséntase nova documentación en escritos rexistrados de entrada nas datas 23 de febreiro de 2012 e 19 de abril de 2012 respectivamente, (Rexistros de entrada nº 2.151 e 5.158 respectivamente), mediante o que fai observacións/indicacións ao informe ambiental desfavorable emitido en data 31 de xaneiro de 2012 polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga.

8.- En relación á nova documentación presentada o Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga emite novo informe desfavorable na data 11 de maio de 2012 que se transcribe:

"

(...)

**INFORME AMBIENTAL**

| | |
|---|---|
| ASUNTO: | ALEGACIÓNS EXPEDIENTE LICENZA DE ACTIVIDADE |
| ACTIVIDADE: | ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO E CONXELADO |
| SOLICITANTE: | FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR, S.L. |
| EMPRAZAMENTO: | COUSO, LUGAR DA GRAÑA, PARROQUIA DE CARREIRA, RIVEIRA |

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Riveira por Dª. Purificación Junquera Enjamio, de data 19 de abril de 2012 (escrito con data do 19 de abril de 2012, entrada núm. 5.158), mediante o que achega documentación complementaria á presentada para solicitar licenza de actividade.

Solicitude de informe efectuada pola Alcaldía de Riveira mediante escrito de data 20 de abril de 2012 (escrito notificado na data do 23 de abril de 2012).

2. DOCUMENTACIÓN EXAMINADA

Escrito aclaratorio asinado pola solicitante, Dª. Purificación Junquera Enjamio, de data 11 de abril de 2012, mediante o que fai observacións/indicacións ao informe ambiental emitido en data 31 de xaneiro de 2012.

3. VALORACIÓN DAS OBSERVACIÓNS/INDICACIÓNS

### 3.1. Observación primeira.

*"1).- En el apartado relativo a la protección de la atmósfera se alude a la necesidad de presentar una certificación expedida por empresa o entidad homologada conforme el establecimiento cumple la normativa sobre contaminación acústica, de conformidad con lo dispuesto en la Ley 7/1997 de protección contra la contaminación acústica.*
*En la Memoria de Actividad presentada, aparecía justificado el cumplimiento de la Ley 7/1997 y de los decretos 150/1999 y 320/2002 sobre Reglamento de Protección contra la contaminación acústica, que en la actualidad están derogados, así como el Real Decreto 2414/1961 sobre reglamento de actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, y un estudio de nivel sonoro compuesto y un estudio de amortización al exterior, por lo que quedaba acreditado el cumplimiento de la normativa acústica por parte de la instalación.*
*No obstante, la referida Ley 7/1997 se encuentra hoy en día derogada en virtud de lo dispuesto en la Disposición Derogatoria Única de la Ley 12/2011 de Medidas de Galicia por lo cual entiende esta parte que no cabría la exigencia de tal certificación, al no tener amparo en la normativa citada."*

En relación co contido desta observación significo que efectivamente se comproba que a *Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica*, quedou derrogada dende o 1 de xaneiro deste ano. A pesar desto, no informe municipal condicionábase o establecemento da actividade ao cumprimento do disposto na normativa aplicable, na que se incluída, ademais da Lei xa citada, as seguintes normas:

- *Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións*
- *Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolveu a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental*
- *Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas*
- *DB-HR Protección fronte ao ruído, aprobado mediante o R.D. 1371/2007, do 19 de outubro (ou calquera outra normativa aplicable á edificación segundo o caso)*

Todas estas normas están actualmente en vigor.

De conformidade co establecido no artigo 2.6 do Código Técnico da Edificación, en todo cambio de uso característico dun edificio ou establecemento existente deberase comprobar o cumprimento das esixencias básicas do CTE, incluídas as do DB-HR.

Será necesario xustificar o cumprimento do establecido na *Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído* e nos regulamentos de desenvolvemento.

Será necesario xustificar o cumprimento do establecido na *Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións do Concello de Riveira*. Asemade, antes de posta en funcionamento da actividade terase que comprobar o cumprimento da normativa aplicable, polo que o titular deberá aportar a seguinte documentación:

- Certificación expedida por empresa ou entidade homologada conforme o establecemento cumpre a normativa sobre protección contra a contaminación acústica, segundo se recolle no punto 1 do artigo 16 da *Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións*. Comprobaranse os niveis acústicos e de vibracións provocados pola maquinaria e/ou instalacións, niveis de illamento, niveis de recepción de ruído en ambiente exterior, ...

### 3.2. Observación segunda.

*"2).- En cuanto al abastecimiento de agua se ha solicitado el enganche a la red municipal existente, lo cual no debe ser más que un simple trámite habida cuenta de que como recoge el informe del Técnico Municipal, existe red municipal de abastecimiento de agua. En todo caso indicar que el enganche fue solicitado con fecha 14 de mayo de 2011, y ya ha sido autorizado."*

En relación co contido desta observación significo que no informe municipal unicamente se sinalaba a necesidade de que a auga empregada nos servizos e procesos de traballo sexa potable, establecendo as opcións existentes para dotar ás instalacións deste servizo e informando da situación da solicitude de abastecemento efectuada a nome de *FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR, S.L.* para o lugar de Couso, s/n, Aguiño, de data 19 de maio de 2011 (escrito con data do 19 de maio de 2011, entrada 6.761), expediente con Rexistro de Obras núm. 258/2011, do cal non existía constancia da resolución adoptada.

### 3.3. Observación terceira.

*"3).- En cuanto a los vertidos de aguas residuales se están tramitando los oportunos permisos ante Augas de Galicia, de los cuales se dará traslado al Ayuntamiento una vez se obtengan. En tal sentido se debe señalar que las aguas de baldeo se recogerán en la empresa y serán retiradas por gestor autorizado y que en estos momentos está a prueba la depuradora instalada a fin de verificar el cumplimiento de los parámetros que se han establecido por Augas de Galicia.*
*Se debe señalar la existencia de dos erratas en la documentación presentada en la cual se señala: "...La propuesta efectuada en el documento emitido por NOINDERN, S.L., consiste en minimizar el caudal del efluente industrial, reduciéndolo entre un 75% y un 80% mediante un proceso de recirculación de las aguas procedentes de la descongelación del pescado y de las cámaras frigoríficas con una depuración mediante decantación, DAF flotador, reactor anaeróbico y skimmer con inyección de ozono para esterilización. En cualquier caso, parte de las aguas de los procesos industriales (limpiezas, baldeos, ...), así como las procedentes de los aseos, no se someterán a esta depuración, por lo que se prevé su evacuación al medio receptor...".*
*Frente a ello hay que señalar que no hay proceso de descongelación, ni por lo tanto aguas procedentes de la misma y tampoco habrá evacuación del agua al medio receptor en cuanto a las aguas procedentes de los aseos que irán a la fosa séptica.*
*Las aguas de proceso industrial serán retiradas por gestor autorizado.*
*Las aguas de baldeo serán enviadas a depuradora y serán tratadas conforme a los parámetros que determine Augas de Galicia en la autorización correspondiente, conforme solicitud que se ha presentado y que está en trámite."*

En relación co contido desta observación significo que no emprazamento previsto para a actividade non existe rede municipal de sumidoiros nin posibilidade de conexión coa mesma. De conformidade co establecido no artigo 5 do *Regulamento de servizo de vertidos á rede de sumidoiros e uso desta do Concello de Riveira* (BOP núm. 254, do 6 de novembro de 2002), ao referirse ás autorizacións de vertidos de augas residuais, todos os edificios, tanto de vivendas como industrias, deberán cumprir as disposicións e normativa do presente regulamento. Non se permitirán vertidos a ceo aberto, nin a sumidoiros alleos ao servizo, nin a eliminación de augas residuais por inxección ao subsolo. Só xustificadamente poderanse autorizar vertidos a leitos públicos ou outros sistemas de eliminación destes, debendo axustarse en tal caso ao establecido na *Lei de Augas* e disposicións complementarias ou outra normativa que resulte de aplicación. En calquera caso a actividade precisará autorización administrativa do organismo autónomo Augas de Galicia

para efectuar o vertido das augas residuais que se xeren nos procesos, así como as procedentes dos aseos e vestiarios.

A solicitante non aporta documentación xustificativa dos trámites iniciados ante Augas de Galicia para lograr as correspondentes autorizacións de vertido (ben sexa a Dominio Público Hidráulico, ao subsolo, ou ao mar).

Con respecto á intención da empresa de que unha parte das augas residuais sexan retiradas mediante xestor autorizado, significolle que o Concello de Riveira non autoriza vertidos de augas residuais ao sistema de saneamento mediante camión cisterna ou calquera outro medio de transporte ao non garantirse a vixilancia e sistemática comprobación dos parámetros dos vertidos, feito que pode comprometer o funcionamento das instalacións municipais. Todo elo de conformidade co establecido no *Regulamento de servizo de vertidos á rede de sumidoiros e uso desta do Concello de Riveira.*

Suxiro solicitar informe ao organismo autónomo Augas de Galicia ao respecto da viabilidade e idoneidade das medidas propostas na documentación presentada no que atinxe aos vertidos de augas residuais.

### 3.4. Observación cuarta.

*"4).- Para la gestión de residuos se prevé contratar a los gestores correspondientes y solicitar la inscripción en el Registro General de Productores y Gestores de Residuos de Galicia además de atenderse a las indicaciones que señala el técnico municipal.*
*A continuación, se detalla una relación de las empresas y gestores de residuos urbanos e industriales autorizados, especificando el tipo de residuos que gestiona cada una de dichas empresas, aportando, además, diversa documentación que acredita la entrega de los distintos tipos de residuos generados a cada uno de los gestores autorizados.*

| ***Tipo de residuo*** | ***Empresa gestora de los residuos*** | ***Cantidad*** |
|---|---|---|
| *Plástico y cartón* | *Coregal* | *120 m3* |
| *Fosa séptica* | *Manuel Romano Camean (Gestor de Residuos urbanos e industriales)* | *------* |
| *Salmuera* | *Manuel Romano Camean (Gestor de Residuos urbanos e industriales)* | *60.000 lts* |
| *Desperdicios de producción* | *Conserveros reunidos, S.L.* | *6.440 kg* |
| *Basura oficinas* | *Servicio municipal* | *2 veces / semana* |

*Se solicitará la inscripción en el Registro General de Productores y Gestores de Residuos de Galicia como pequeño productor de residuos peligrosos, al producir menos de 10 t. anuales de residuos peligrosos.*
*Asimismo, señalar que la nave dispone de una adecuada gestión de los residuos, contenedores herméticos, así como la realización de unos rigurosos procesos de limpieza, tanto en el interior como en el exterior.*
*Por último, en la Memoria de Actividad presentada en su momento, aparecían justificadas la legislación ambiental y sectorial aplicables a la actividad, la normativa de seguridad, la relativa a las medidas de autoprotección y salud, así como las ordenanzas municipales de aplicación."*

En relación con esta observación significo que o xestor previsto para a foxa séptica e para a salmoira, *D. Manuel Romano Cameán*, só está autorizado para xestionar os seguintes residuos procedentes de sistemas de depuración de augas residuais:

| | | | |
|---|---|---|---|
| MANUEL ROMANO CAMEÁN | | 52455788X | CO-I-NP-XRT-00068 |
| NIMA | 1500023594 | | |
| Teléfono | 981840599 | Rúa Lg. Outeiro-Carreira, 20 CP 15967 Concello Riveira Provincia A Coruña | |

| CER | Descripción |
|---|---|
| 190814 | *Lodos procedentes doutros tratamentos de augas residuais industriais, distintos dos especificados no código 19 08 13* |

Autorización: CO-I-NP-XRT-00068 Actividade/s de xestión:

| CER | Descripción |
|---|---|
| *190814* | *Lodos procedentes doutros tratamentos de augas residuais industriais, distintos dos especificados no código 19 08 13* |

Autorización: SC-I-NP-XV-00065 Actividade/s de xestión: utilización na agricultura

Dedúcese que non pode xestionar salmoira nin augas residuais, só lodos nas condicións que prevén as autorizacións.

3.5. Observación quinta.

*"5).- Sobre el paisaje y tal y como señala el técnico municipal la empresa ya prevé realizar un mantenimiento periódico y adecuado de las instalaciones, al margen de cualquier exigencia que pudiera venir impuesta legalmente."*

Non procede valoración.

3.6. Observación sexta.

*"6).- En cuanto a las carencias de la documentación técnica señalar que en lo relativo a abastecimiento y evacuación de aguas nos remitimos a lo ya señalado."*

A parte solicitante da licenza de actividade deberá aportar a documentación técnica solicitada no informe de data 31 de xaneiro de 2012, que deberá estar subscrita por técnico competente.

3.7. Observación sétima.

*"7).- Finalmente, en cuanto a las medidas correctoras y protectoras se prevé ajustarse a las señaladas por el técnico municipal, afectando en todo caso al desarrollo de la actividad sin que exijan en este momento aportación de documentación."*

Non procede valoración.

O que informo aos efectos oportunos.

Documentación achegada: ficha extraída do SIRGA onde constan as autorizacións para xestión de residuos a nome de *D. Manuel Romano Cameán*."

9.- Por parte dos servizos técnicos compróbase que a empresa FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. exerce a actividade de elaboración de pescado fresco e conxelado ***sen a necesaria e preceptiva licenza de actividade***, desatendendo deste xeito o diposto polos técnicos municipais; a tal efecto consta no expediente informe como consecuencia da visita de comprobación de funcionamento de actividade emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga na data 12 de abril de 2012.

10.- En base ao anterior por Decreto de Alcaldía de data 27 de decembro 2012 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística e ***A INMEDIATA PARALIZACIÓN E PRECINTADO DA ACTIVIDADE DE ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO E CONXELADO*** e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

11.- A notificación do citado Decreto practicouse á entidade interesada FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. na data 28 de decembro de 2012, e a Ramiro Vázquez na data 28 de decembro de 2012.

12.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de abril de 2014 acordou ***DECLARAR A CADUCIDADE*** do ***EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 13/12*** incoado á entidade **FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L** por Decreto de Alcaldía na data 27 de decembro de 2012.

13.- A notificación da citada Resolución practicouse á entidade interesada FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. na data 2 de xuño de 2014 e Ramiro Vázquez na data 2 de xuño de 2014.

14.- Por Decreto de Alcaldía de data 2 de maio de 2014 incoábase novo expediente de reposición da legalidade urbanística e ***A INMEDIATA PARALIZACIÓN E PRECINTADO DA ACTIVIDADE DE ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO E CONXELADO*** promovida pola empresa **FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L.** que se está a levar a cabo na nave sita no lugar de Couso, a Graña, Riveira, ***SEN A PRECEPTIVA LICENZA MUNICIPAL DE ACTIVIDADE.***

15.- A notificación da citada Resolución practicouse á entidade interesada FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. na data 2 de xuño de 2014 e Ramiro Vázquez na data 2 de xuño de 2014.

16.- Por Purificación Junquera Enjamio en escrito rexistrado de entrada na data 9 de febreiro de 2015, (Rexistro de entrada nº 1.470), achégase a seguinte documentación:

*· PROYECTO "SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE FRIGORÍFICOS RIVEIRA-MAR S.L.". CLAVE PROV-7145› de data 15 DE NOVEMBRO DE 2013 redactado por APPLUS NORCONTROL, S.L.U.*

*· ‹ADDENDA AL PROYECTO PROV-7145 "AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE FRIGORÍFICOS RIVEIRA-MAR, S.L." de data 13 DE MAIO DE 2014› redactado por CELESTINO FREIRE CASALDERREI (LDO. QUÍMICA).*

*· "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO AO REGO DO COUSO (CUNCA RÍA DE AROUSA) DE AUGAS RESIDUAIS INDUSTRIAIS DEPURADAS PROCEDENTE DUNHAS INSTALACIÓNS DEDICADAS AO CORTE, CONXELADO E ENVASADO DE PEIXE LOCALIZADAS NO LUGAR DE COUSO – AGUIÑO (T.M. RIBEIRA)" de data 15 DE XANEIRO DE 2015 (ESCRITO CON DATA DO 19 DE XANEIRO DE 2015, SAÍDA 382 / RX 42.276).*

*· RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DE AUGAS DE GALICIA RELATIVA AO EXPEDIENTE DH.B15.40059, MEDIANTE A QUE SE LLE RECOÑECE A FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR, S.L. DEREITO AO USO PRIVATIVO DUN APROVEITAMENTO DUN CAUDAL DE AUGA PROCEDENTE DUN POZO E SE INSCRIBE O MESMO NO REXISTRO DE AUGAS DE GALICIA de data 1 DE AGOSTO DE 2014.*

17.- Mencionar que a empresa FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. a data da emisión do presente informe non subsanou todas as deficiencias sinaladas polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga como se recolle

no informe desfavorable emitido na data 3 de marzo en relación ao expediente de reposición de legalidade urbanística DU 7/14 que se transcribe:

"

(...)

| INFORME DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE |
|---|

| | |
|---|---|
| ASUNTO: | INFORME COMPLEMENTARIO, ACTIVIDADE SOMETIDA AO PROCEDEMENTO DE INCIDENCIA AMBIENTAL |
| ACTIVIDADE: | ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO E CONXELADO |
| SOLICITANTE: | FRIGORÍFICOS RIVEIRA-MAR, S.L. |
| EMPRAZAMENTO: | COUSO, LUGAR DA GRAÑA, PARROQUIA DE CARREIRA, RIVEIRA |

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Riveira por Dna. Purificación Junquera Enjamio, de data 7 de decembro de 2011 (escrito con data do 7 de decembro de 2011, entrada núm. 16.547), mediante o que expón: *"Adjunto documentación solicitada (...)"* E solicita: *"Admitan a trámite la documentación y procedan a emitir la correspondiente licencia de actividad"*.

Solicitude de informe efectuada pola Alcaldía de Riveira mediante escrito de data 27 de xaneiro de 2012 (escrito notificado nesa mesma data).

Informe do Servizo de Medio Ambiente, de data 31 de xaneiro de 2012, no que se conclúe:

*"(...) Dende o punto de vista ambiental a documentación técnica examinada presenta carencias relativas a:*

- *Descrición detallada dos tipos, cantidades e composición dos residuos xerados, verteduras e emisións contaminantes, aspectos relativos á xestión prevista para eles; os riscos da actividade e proposta de medidas preventivas, correctoras e de autocontrol; técnicas de restauración do medio afectado e programa de seguimento da área restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou cesamento da actividade; outra información relevante para a avaliación da incidencia ambiental da actividade.*
- *Xustificación do cumprimento da lexislación aplicable en materia de augas (vertido de augas residuais).*
- *Xustificación dos niveis teóricos de vibracións provocados pola maquinaria e/ou instalacións.*
- *Xustificación da procedencia da auga de abastecemento.*

*Medidas protectoras e correctoras para acadar unha adecuada protección do medio ambiente:*

- *Deberá obter autorización administrativa do organismo autónomo Augas de Galicia para efectuar o vertido das augas residuais.*
- *Deberá efectuar a inscrición no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, como pequeno produtor de residuos perigosos, no caso de producir menos de 10 t anuais de residuos perigosos, ou solicitar a autorización de produtor de residuos perigosos no caso de superar a antedita cantidade.*

- *Os residuos xerados durante as operacións de mantemento e reparación dos equipos, considéranse producidos pola empresa titular da actividade na que participan ditos equipos, polo que será a súa responsabilidade entregalos a xestor autorizado, que poderá ser a empresa de mantemento, sempre e cando esta teña autorización como xestor de residuos ou coma transportista e entregando a xestor autorizado final.*
- *Os envases nos que se almacenen os residuos perigosos, así como os seus peches, deberán ser resistentes e estar en bo estado, e contar cos dispositivos axeitados que garantan a non existencia de fugas ou derrames sobre o solo. Así mesmo, os residuos perigosos deberán estar etiquetados segundo o establecido na normativa aplicable.*
- *Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia. (...)"*

Escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Riveira por Dna. Purificación Junquera Enjamio, de data 19 de abril de 2012 (escrito con data do 19 de abril de 2012, entrada núm. 5.158), mediante o que achega documentación complementaria á presentada para solicitar licenza de actividade.

Informe do Servizo de Medio Ambiente, de data 11 de maio de 2012, ao respecto da nova documentación achegada e das observacións efectuadas pola solicitante no escrito de data 19 de abril de 2012, no que se fai a seguinte valoración:

*"3. VALORACIÓN DAS OBSERVACIÓNS/INDICACIÓNS*

*3.1. Observación primeira.*
*"1).- En el apartado relativo a la protección de la atmósfera se alude a la necesidad de presentar una certificación expedida por empresa o entidad homologada conforme el establecimiento cumple la normativa sobre contaminación acústica, de conformidad con lo dispuesto en la Ley 7/1997 de protección contra la contaminación acústica.*
*En la Memoria de Actividad presentada, aparecía justificado el cumplimiento de la Ley 7/1997 y de los decretos 150/1999 y 320/2002 sobre Reglamento de Protección contra la contaminación acústica, que en la actualidad están derogados, así como el Real Decreto 2414/1961 sobre reglamento de actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, y un estudio de nivel sonoro compuesto y un estudio de amortización al exterior, por lo que quedaba acreditado el cumplimiento de la normativa acústica por parte de la instalación.*
*No obstante, la referida Ley 7/1997 se encuentra hoy en día derogada en virtud de lo dispuesto en la Disposición Derogatoria Única de la Ley 12/2011 de Medidas de Galicia por lo cual entiende esta parte que no cabría la exigencia de tal certificación, al no tener amparo en la normativa citada."*

*En relación co contido desta observación significo que efectivamente se comproba que a Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, quedou derrogada dende o 1 de xaneiro deste ano. A pesar desto, no informe municipal condicionábase o establecemento da actividade ao cumprimento do disposto na normativa aplicable, na que se incluída, ademais da Lei xa citada, as seguintes normas:*

- *Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións*
- *Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolveu a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental*

- *Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas*
- *DB-HR Protección fronte ao ruído, aprobado mediante o R.D. 1371/2007, do 19 de outubro (ou calquera outra normativa aplicable á edificación segundo o caso)*

*Todas estas normas están actualmente en vigor.*

*De conformidade co establecido no artigo 2.6 do Código Técnico da Edificación, en todo cambio de uso característico dun edificio ou establecemento existente deberase comprobar o cumprimento das esixencias básicas do CTE, incluídas as do DB-HR.*

*Será necesario xustificar o cumprimento do establecido na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído e nos regulamentos de desenvolvemento.*

*Será necesario xustificar o cumprimento do establecido na Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións do Concello de Riveira. Asemade, antes de posta en funcionamento da actividade terase que comprobar o cumprimento da normativa aplicable, polo que o titular deberá aportar a seguinte documentación:*

*- Certificación expedida por empresa ou entidade homologada conforme o establecemento cumpre a normativa sobre protección contra a contaminación acústica, segundo se recolle no punto 1 do artigo 16 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións. Comprobaranse os niveis acústicos e de vibracións provocados pola maquinaria e/ou instalacións, niveis de illamento, niveis de recepción de ruído en ambiente exterior, ...*

*3.2. Observación segunda.*
*"2).- En cuanto al abastecimiento de agua se ha solicitado el enganche a la red municipal existente, lo cual no debe ser más que un simple trámite habida cuenta de que como recoge el informe del Técnico Municipal, existe red municipal de abastecimiento de agua. En todo caso indicar que el enganche fue solicitado con fecha 14 de mayo de 2011, y ya ha sido autorizado."*

*En relación co contido desta observación significo que no informe municipal unicamente se sinalaba a necesidade de que a auga empregada nos servizos e procesos de traballo sexa potable, establecendo as opcións existentes para dotar ás instalacións deste servizo e informando da situación da solicitude de abastecemento efectuada a nome de FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR, S.L. para o lugar de Couso, s/n, Aguiño, de data 19 de maio de 2011 (escrito con data do 19 de maio de 2011, entrada 6.761), expediente con Rexistro de Obras núm. 258/2011, do cal non existía constancia da resolución adoptada.*

*3.3. Observación terceira.*
*"3).- En cuanto a los vertidos de aguas residuales se están tramitando los oportunos permisos ante Augas de Galicia, de los cuales se dará traslado al Ayuntamiento una vez se obtengan. En tal sentido se debe señalar que las aguas de baldeo se recogerán en la empresa y serán retiradas por gestor autorizado y que en estos momentos está a prueba la depuradora instalada a fin de verificar el cumplimiento de los parámetros que se han establecido por Augas de Galicia.*
*Se debe señalar la existencia de dos erratas en la documentación presentada en la cual se señala: "...La propuesta efectuada en el documento emitido por NOINDERN, S.L., consiste en minimizar el caudal del efluente industrial, reduciéndolo entre un 75% y un 80% mediante un*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

*proceso de recirculación de las aguas procedentes de la descongelación del pescado y de las cámaras frigoríficas con una depuración mediante decantación, DAF flotador, reactor anaeróbico y skimmer con inyección de ozono para esterilización. En cualquier caso, parte de las aguas de los procesos industriales (limpiezas, baldeos, ...), así como las procedentes de los aseos, no se someterán a esta depuración, por lo que se prevé su evacuación al medio receptor...".*
*Frente a ello hay que señalar que <u>no hay proceso de descongelación, ni por lo tanto aguas procedentes de la misma y tampoco habrá evacuación del agua al medio receptor en cuanto a las aguas procedentes de los aseos que irán a la fosa séptica</u>.*
*Las aguas de proceso industrial serán retiradas por gestor autorizado.*
*Las aguas de baldeo serán enviadas a depuradora y serán tratadas conforme a los parámetros que determine Augas de Galicia en la autorización correspondiente, conforme solicitud que se ha presentado y que está en trámite."*

*En relación co contido desta observación significo que no emprazamento previsto para a actividade non existe rede municipal de sumidoiros nin posibilidade de conexión coa mesma. De conformidade co establecido no artigo 5 do Regulamento de servizo de vertidos á rede de sumidoiros e uso desta do Concello de Riveira (BOP núm. 254, do 6 de novembro de 2002), ao referirse ás autorizacións de vertidos de augas residuais, todos os edificios, tanto de vivendas como industrias, deberán cumprir as disposicións e normativa do presente regulamento. Non se permitirán vertidos a ceo aberto, nin a sumidoiros alleos ao servizo, nin a eliminación de augas residuais por inxección ao subsolo. Só xustificadamente poderanse autorizar vertidos a leitos públicos ou outros sistemas de eliminación destes, debendo axustarse en tal caso ao establecido na Lei de Augas e disposicións complementarias ou outra normativa que resulte de aplicación. En calquera caso, a actividade precisará autorización administrativa do organismo autónomo Augas de Galicia para efectuar o vertido das augas residuais que se xeren nos procesos, así como as procedentes dos aseos e vestiarios.*

*A solicitante non aporta documentación xustificativa dos trámites iniciados ante Augas de Galicia para lograr as correspondentes autorizacións de vertido (ben sexa a Dominio Público Hidráulico, ao subsolo, ou ao mar).*

*Con respecto á intención da empresa de que unha parte das augas residuais sexan retiradas mediante xestor autorizado, signifícolle que o Concello de Riveira non autoriza vertidos de augas residuais ao sistema de saneamento mediante camión cisterna ou calquera outro medio de transporte ao non garantirse a vixilancia e sistemática comprobación dos parámetros dos vertidos, feito que pode comprometer o funcionamento das instalacións municipais. Todo elo de conformidade co establecido no Regulamento de servizo de vertidos á rede de sumidoiros e uso desta do Concello de Riveira.*

*Suxiro solicitar informe ao organismo autónomo Augas de Galicia ao respecto da viabilidade e idoneidade das medidas propostas na documentación presentada no que atinxe aos vertidos de augas residuais.*

*3.4. Observación cuarta.*
*"4).- Para la <u>gestión de residuos</u> se prevé contratar a los gestores correspondientes y solicitar la inscripción en el Registro General de Productores y Gestores de Residuos de Galicia además de atenderse a las indicaciones que señala el técnico municipal.*
*A continuación, se detalla una relación de las empresas y gestores de residuos urbanos e industriales autorizados, especificando el tipo de residuos que gestiona cada una de dichas*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

*empresas, aportando, además, diversa documentación que acredita la entrega de los distintos tipos de residuos generados a cada uno de los gestores autorizados.*

| ***Tipo de residuo*** | ***Empresa gestora de los residuos*** | ***Cantidad*** |
|---|---|---|
| *Plástico y cartón* | *Coregal* | *120 m3* |
| *Fosa séptica* | *Manuel Romano Camean (Gestor de Residuos urbanos e industriales)* | *------* |
| *Salmuera* | *Manuel Romano Camean (Gestor de Residuos urbanos e industriales)* | *60.000 lts* |
| *Desperdicios de producción* | *Conserveros reunidos, S.L.* | *6.440 kg* |
| *Basura oficinas* | *Servicio municipal* | *2 veces / semana* |

*Se solicitará la inscripción en el Registro General de Productores y Gestores de Residuos de Galicia como pequeño productor de residuos peligrosos, al producir menos de 10 t. anuales de residuos peligrosos.*
*Asimismo, señalar que la nave dispone de una adecuada gestión de los residuos, contenedores herméticos, así como la realización de unos rigurosos procesos de limpieza, tanto en el interior como en el exterior.*
*Por último, en la Memoria de Actividad presentada en su momento, aparecían justificadas la legislación ambiental y sectorial aplicables a la actividad, la normativa de seguridad, la relativa a las medidas de autoprotección y salud, así como las ordenanzas municipales de aplicación."*

*En relación con esta observación significo que o xestor previsto para a foxa séptica e para a salmoira, D. Manuel Romano Cameán, só está autorizado para xestionar os seguintes residuos procedentes de sistemas de depuración de augas residuais:*

*MANUEL ROMANO CAMEÁN 52455788X CO-I-NP-XRT-00068*
*NIMA 1500023594*
*Teléfono 981840599 Rúa Lg. Outeiro-Carreira, 20 CP 15967 Concello Riveira Provincia A Coruña*

| *CER* | *Descripción* |
|---|---|
| *190814* | *Lodos procedentes doutros tratamentos de augas residuais industriais, distintos dos especificados no código 19 08 13* |
| *Autorización:* | *CO-I-NP-XRT-00068 Actividade/s de xestión:* |

| *CER* | *Descripción* |
|---|---|
| *190814* | *Lodos procedentes doutros tratamentos de augas residuais industriais, distintos dos especificados no código 19 08 13* |
| *Autorización:* | *SC-I-NP-XV-00065 Actividade/s de xestión: utilización na agricultura* |

*Dedúcese que non pode xestionar salmoira nin augas residuais, só lodos nas condicións que prevén as autorizacións.*

*3.5. Observación quinta.*
*"5).- Sobre el paisaje y tal y como señala el técnico municipal la empresa ya prevé realizar un mantenimiento periódico y adecuado de las instalaciones, al margen de cualquier exigencia que pudiera venir impuesta legalmente."*

*Non procede valoración.*

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

*3.6. Observación sexta.*
*"6).- En cuanto a las carencias de la documentación técnica señalar que en lo relativo a abastecimiento y evacuación de aguas nos remitimos a lo ya señalado."*

*A parte solicitante da licenza de actividade deberá aportar a documentación técnica solicitada no informe de data 31 de xaneiro de 2012, que deberá estar subscrita por técnico competente.*

*3.7. Observación sétima.*
*"7).- Finalmente, en cuanto a las medidas correctoras y protectoras se prevé ajustarse a las señaladas por el técnico municipal, afectando en todo caso al desarrollo de la actividad sin que exijan en este momento aportación de documentación."*

*Non procede valoración.*

*O que informo aos efectos oportunos. (...)"*

2. DOCUMENTACIÓN EXAMINADA

Documentación achegada por Dna. Purificación Junquera Enjamio mediante escrito de data 9 de febreiro de 2015 (escrito con data do 10 de febreiro de 2015, entrada núm. 1.470):

| | |
|---|---|
| Proxecto técnico: | *‹PROYECTO "SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE FRIGORÍFICOS RIVEIRA-MAR S.L.". CLAVE PROV-7145›* |
| Autor/a: | *APPLUS NORCONTROL, S.L.U.*<br>*Dna. Mª ISABEL FERNÁNDEZ VILELA (ARQUITECTO TÉCNICO)* |
| Supervisor/a: | *D. SANTIAGO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ (ARQUITECTO TÉCNICO)* |
| Data: | *15 DE NOVEMBRO DE 2013* |

| | |
|---|---|
| Documentación: | *‹ADDENDA AL PROYECTO PROV-7145 "AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE FRIGORÍFICOS RIVEIRA-MAR, S.L." ›* |
| Autor: | *D. CELESTINO FREIRE CASALDERREI (LDO. QUÍMICA)* |
| Data: | *13 DE MAIO DE 2014* |

| | |
|---|---|
| Documentación: | *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO AO REGO DO COUSO (CUNCA RÍA DE AROUSA) DE AUGAS RESIDUAIS INDUSTRIAIS DEPURADAS PROCEDENTE DUNHAS INSTALACIÓNS DEDICADAS AO CORTE, CONXELADO E ENVASADO DE PEIXE LOCALIZADAS NO LUGAR DE COUSO – AGUIÑO (T.M. RIBEIRA)"* |
| Data: | *15 DE XANEIRO DE 2015 (ESCRITO CON DATA DO 19 DE XANEIRO DE 2015, SAÍDA 382 / RX 42.276* |

| | |
|---|---|
| Documentación: | *RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DE AUGAS DE GALICIA RELATIVA AO EXPEDIENTE DH.B15.40059, MEDIANTE A QUE SE LLE RECOÑECE A FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR, S.L. DEREITO AO USO PRIVATIVO DUN APROVEITAMENTO DUN CAUDAL DE AUGA PROCEDENTE DUN POZO E SE INSCRIBE O MESMO NO REXISTRO DE AUGAS DE GALICIA* |
| Data: | *1 DE AGOSTO DE 2014* |

3. ALCANCE DO INFORME

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

O presente informe limítase a valorar a documentación presentada por Dna. Purificación Junquera Enjamio mediante escrito de data 9 de febreiro de 2015 (escrito con data do 10 de febreiro de 2015, entrada núm. 1.470), recollendo tamén unha relación de documentación técnica requirida á parte solicitante en informes previos e pendente de presentar ata a data.

4. VALORACIÓN

Na documentación técnica achegada, referida no epígrafe 2 deste informe, presentada para a tramitación ante o organismo autónomo Augas de Galicia da correspondente autorización de vertido, descríbense de forma detallada os tipos, volumes e composición das verteduras contaminantes da actividade. Consta copia da proposta de resolución de autorización de vertido ao rego do Couso (cunca da ría de Arousa) de augas residuais industriais depuradas procedentes das instalacións da empresa FRIGORÍFICOS RIVEIRA-MAR, S.L., dedicadas ao corte, conxelado e envasado de peixe. Considero adecuado o condicionado imposto pola subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico na súa proposta de resolución de data 15 de xaneiro de 2015, sen prexuízo da necesaria obtención da autorización final.

A interesada achega copia da resolución da Dirección de Augas de Galicia, de data 1 de agosto de 2014, relativa ao expediente DH.B15.40059, mediante a que se lle recoñece a FRIGORÍFICOS RIVEIRA-MAR, S.L. dereito ao uso privativo dun aproveitamento dun caudal de auga procedente dun pozo e se inscribe o mesmo no rexistro de Augas de Galicia. O abastecemento de auga para o funcionamento da actividade resólvese mediante esa captación. Queda, deste xeito, xustificada a súa procedencia.

5. DOCUMENTACIÓN PENDENTE DE PRESENTACIÓN

Artigo 7.1.b) do *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental*:

- Descrición detallada dos tipos, cantidades e composición dos residuos xerados, verteduras e emisións contaminantes, aspectos relativos á xestión prevista para eles; os riscos da actividade e proposta de medidas preventivas, correctoras e de autocontrol; técnicas de restauración do medio afectado e programa de seguimento da área restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou cesamento da actividade; outra información relevante para a avaliación da incidencia ambiental da actividade. Queda debidamente xustificado o apartado relativo ás verteduras de augas residuais industriais e outros efluentes (augas fecais procedentes de aseos e vestiarios, e augas pluviais).

Protección contra a contaminación acústica:

- Xustificación do cumprimento do establecido na *Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído* e nos regulamentos de desenvolvemento.
- Xustificación do cumprimento do establecido na *Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións do Concello de Riveira*. Incluirá a xustificación dos niveis teóricos de vibracións provocados pola maquinaria e/ou instalacións. Antes de posta en funcionamento da actividade terase que comprobar o cumprimento da normativa aplicable, polo que o titular deberá aportar a seguinte documentación: *certificación expedida por empresa ou entidade homologada conforme o establecemento cumpre a normativa sobre protección contra a contaminación acústica (comprobaranse os niveis acústicos e de vibracións provocados pola maquinaria e/ou instalacións, niveis de illamento, niveis de recepción de ruído en ambiente exterior...).*"

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

13.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 19.3.15 acordou ***DISPOÑER QUE SE MANTEÑA , de conformidade co disposto polo artigo 211.3 da Lei 9/2002 A PARALIZACIÓN E PRECINTADO DA ACTIVIDADE DE ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO E CONXELADO CO OBXECTO DE IMPEDIR DEFINITIVAMENTE A ACTIVIDADE promovida pola empresa FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. na nave sita no lugar de Couso, a Graña, Riveira.***

14.- A notificación da citada Resolución practicouse á entidade interesada FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. na data 27 de marzo de 2015 e Ramiro Vázquez na data 27 de marzo de 2015.

15.- Por Purificación Junquera Enjamio en representación da empresa FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. en escrito rexistrado de entrada na data 27 de marzo 2015, (Rexistro de entrada nº 3.273), achega nova documentación co obxecto de conseguir o levantamento da paralización do expediente de reposición da legalidade urbanística DU 7/14 e poder obter a licenza de actividade provisional para exercer a actividade de elaboración de pescado fresco e conxelado.

16.- O Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga na data 10 de abril de 2015 emite informe que se transcribe:

"

(...)

| INFORME DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE |
|---|

| | |
|---|---|
| ASUNTO: | INFORME COMPLEMENTARIO, ACTIVIDADE SOMETIDA AO PROCEDEMENTO DE INCIDENCIA AMBIENTAL |
| ACTIVIDADE: | ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO E CONXELADO |
| SOLICITANTE: | FRIGORÍFICOS RIVEIRA-MAR, S.L. |
| EMPRAZAMENTO: | COUSO, LUGAR DA GRAÑA, PARROQUIA DE CARREIRA, RIVEIRA |

1. ANTECEDENTES

- Escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Riveira por Dna. Purificación Junquera Enjamio, de data 7 de decembro de 2011 (escrito con data do 7 de decembro de 2011, entrada núm. 16.547), mediante o que expón: *"Adjunto documentación solicitada (...)"* E solicita: *"Admitan a trámite la documentación y procedan a emitir la correspondiente licencia de actividad"*.

- Solicitude de informe efectuada pola Alcaldía de Riveira mediante escrito de data 27 de xaneiro de 2012 (escrito notificado nesa mesma data).

- Informe do Servizo de Medio Ambiente, de data 31 de xaneiro de 2012.

- Escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Riveira por Dna. Purificación Junquera Enjamio, de data 19 de abril de 2012 (escrito con data do 19 de abril de 2012, entrada núm. 5.158), mediante o que achega documentación complementaria á presentada para solicitar licenza de actividade.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

- Informe do Servizo de Medio Ambiente, de data 11 de maio de 2012, ao respecto da nova documentación achegada e das observacións efectuadas pola solicitante mediante escrito de data 19 de abril de 2012.

- Informe do Servizo de Medio Ambiente, de data 3 de marzo de 2015, ao respecto da nova documentación achegada pola solicitante mediante escrito de data 26 de marzo de 2015 (escrito con data do 27 de marzo de 2015, entrada núm. 3.273).

2. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

Artigo 7.1.b) do *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental*:

- Descrición detallada dos tipos, cantidades e composición dos residuos xerados, verteduras e emisións contaminantes, aspectos relativos á xestión prevista para eles; os riscos da actividade e proposta de medidas preventivas, correctoras e de autocontrol; técnicas de restauración do medio afectado e programa de seguimento da área restaurada nos casos de desmantelamento das instalacións ou cesamento da actividade; outra información relevante para a avaliación da incidencia ambiental da actividade.

Protección contra a contaminación acústica:

- Xustificación do cumprimento do establecido na *Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído* e nos regulamentos de desenvolvemento.
- Xustificación do cumprimento do establecido na *Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións do Concello de Riveira*. Incluirá a xustificación dos niveis teóricos de vibracións provocados pola maquinaria e/ou instalacións. Antes de posta en funcionamento da actividade terase que comprobar o cumprimento da normativa aplicable, polo que o titular deberá aportar a seguinte documentación: *certificación expedida por empresa ou entidade homologada conforme o establecemento cumpre a normativa sobre protección contra a contaminación acústica (comprobaranse os niveis acústicos e de vibracións provocados pola maquinaria e/ou instalacións, niveis de illamento, niveis de recepción de ruído en ambiente exterior...)*

3. DOCUMENTACIÓN EXAMINADA

Documentación achegada por Dna. Purificación Junquera Enjamio mediante escrito de data 26 de marzo de 2015 (escrito con data do 27 de marzo de 2015, entrada núm. 3.273):

| | |
|---|---|
| Doc. técnica: | *XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI 37/2003, DO 17 DE NOVEMBRO* |
| Autor/a: | *D. JAVIER RODRÍGUEZ PENELAS E DNA. ELDA SEIJO AMIEIRO, ARQUITECTOS, COLEXIADOS NÚM. 2.142 E 2.695* |
| Data: | *MARZO DE 2015* |

| | |
|---|---|
| Doc. técnica: | *XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA EMISIÓN E RECEPCIÓN DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS* |
| Autor/a: | *D. JAVIER RODRÍGUEZ PENELAS E DNA. ELDA SEIJO AMIEIRO, ARQUITECTOS, COLEXIADOS NÚM. 2.142 E 2.695* |
| Data: | *MARZO DE 2015* |

| | |
|---|---|
| Doc. técnica: | *XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 7.1.B) DO DECRETO 133/2008, DO 12 DE XUÑO* |
| Autor/a: | *D. JAVIER RODRÍGUEZ PENELAS E DNA. ELDA SEIJO AMIEIRO, ARQUITECTOS, COLEXIADOS NÚM. 2.142 E 2.695* |
| Data: | *MARZO DE 2015* |
| Documentación: | *"RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO AO REGO DO COUSO (CUNCA RÍA DE AROUSA) DE AUGAS RESIDUAIS INDUSTRIAIS DEPURADAS PROCEDENTE DUNHAS INSTALACIÓNS DEDICADAS AO CORTE, CONXELADO E ENVASADO DE PEIXE LOCALIZADAS NO LUGAR DE COUSO – AGUIÑO..."* |
| Data: | *3 DE MARZO DE 2015 (ESCRITO CON DATA DO 12 DE MARZO DE 2015, SAÍDA 2.493 / RX 317.502)* |
| Documentación: | *DOCUMENTACIÓN ACLARATORIA E XUSTIFICATIVA SOBRE O XESTOR AUTORIZADO PARA OS RESIDUOS DE SALMOIRA* |
| Data: | *26 DE MARZO DE 2015* |

4. ALCANCE DO INFORME

O presente informe limítase a valorar a nova documentación presentada por Dna. Purificación Junquera Enjamio mediante escrito de data 26 de marzo de 2015 (escrito con data do 27 de marzo de 2015, entrada núm. 3.273).

5. VALORACIÓN

Dende o punto de vista ambiental corrixíronse de forma adecuada as carencias detectadas na documentación obrante no expediente.

Ao respecto da protección contra a contaminación acústica, na documentación técnica presentada preveuse que o nivel medio de presión sonora estandarizado da actividade sexa maior ou igual que 80 dBA, polo que se considerará recinto ruidoso. Este tipo de recinto non se rexerá polo DB-HR, senón por regulamentación específica. Antes da posta en funcionamento da actividade deberá achegarse certificado de cumprimento da normativa acústica aplicable (medición acústica de niveis de emisión, recepción, illamentos, vibracións...)."

17.- O Arquitecto Técnico Jesús García Ramos na data 22 de abril de 2015 emite informe técnico desfavorable en relación á actividade solicitada pola empresa FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. facendo constar que:

"

(...)

LEGISLACIÓN APLICADA

Artículo 21. Régimen del suelo urbanizable.

1.- Los propietarios de suelo clasificado como urbanizable tendrán derecho a usar, disfrutar y disponer de los terrenos de su propiedad de acuerdo con la naturaleza rústica de los mismos, debiendo destinarlos a fines agrícolas, forestales, ganaderos o similares.

Además, tendrán el derecho de promover su transformación solicitando al ayuntamiento la aprobación del correspondiente planeamiento de desarrollo, de

conformidad con lo establecido en la presente ley y en el plan general de ordenación municipal, o proceder a su desarrollo si ya estuviera ordenado directamente en el plan general.

2.- La transformación del suelo urbanizable a través del plan parcial podrá ser también promovida por la Administración municipal o autonómica.

3.- En el suelo urbanizable delimitado, en tanto no se apruebe la correspondiente ordenación detallada, no podrán realizarse obras ni instalaciones, salvo las que vayan a ejecutarse mediante la redacción de planes especiales de infraestructuras y las de carácter provisional en las condiciones establecidas en el artículo 102 de esta ley.

4.- En el suelo urbanizable no delimitado, en tanto no se apruebe el correspondiente plan de sectorización, se aplicará el régimen establecido para el suelo rústico en esta ley.

Artigo 102. Usos y obras provisionales.

No obstante la obligatoriedad de la observancia de los planes, si no hubiesen de dificultar su ejecución, podrán autorizarse usos y obras justificadas de carácter provisional en suelo urbano no consolidado, suelo urbanizable delimitado y terrenos afectados a sistemas generales en tanto no fuese iniciado el procedimiento de gestión correspondiente, siempre que no se encuentren expresamente prohibidos por la legislación urbanística o sectorial ni por el planeamiento general, que deberán demolerse cuando lo acordase el ayuntamiento, sin derecho a indemnización. La autorización aceptada por el propietario se hará constar bajo las indicadas condiciones en el Registro de la Propiedad.

Las obras ejecutadas para usos provisionales serán las mínimas imprescindibles para permitir unas instalaciones fácilmente desmontables. **No se admiten como usos provisionales los residenciales ni los industriales**.

Se solicita la autorización de una actividad INDUSTRIAL de carácter provisional en una edificación existente situada en suelo urbanizable delimitado. En aplicación de la legislación expuesta en el apartado anterior de este informe, **se informa desfavorablemente**."

18.- Por último por Purificación Junquera Enjamio en representación da empresa FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. en escrito rexistrado de entrada na data 29 de outubro 2015, (Rexistro de entrada nº 11.152), reitera a solicitude de licenza de actividade provisional para exercer a actividade de elaboración de pescado fresco e conxelado.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANIZABLE.**

**Segundo.-** Establece o artigo 21 da LOUGA o réxime do solo urbanizable:

1.- Os propietarios do solo clasificado como urbanizable terán dereito a usar, disfrutar e dispor dos terrenos da súa propiedade de acordo coa natureza rústica dos mesmos, debendo destinalos a fins agrícolas, forestais, ganaderos ou similares.

Además, terán o dereito de promover a súa transformación solicitando ao concello a aprobación do correspondente planeamento de desenrolo, de

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

conformidade co establecido na presente lei e no plan xeral de ordenación municipal, ou proceder o seu desenrrolo si xa estivera ordenado directamente no plan xeral.

2.- A transformación do solo urbanizable a través do plan parcial poderá ser tamén promovida pola Administración municipal ou autonómica.

3.- No solo urbanizable delimitado, en tanto non se aprobe a correspondente ordenación detallada, non poderán realizarse obras ni instalacións, salvo as que vaian a executarse mediante a redacción de plans especiais de infraestructuras e as de carácter provisional nas condicións establecidas no artigo 102 de esta lei.

4.- No solo urbanizable non delimitado, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico nesta lei.

**Terceiro.-** O artigo 102 da LOUGA respecto aos usos e obras de carácter provisional establece que no obstante a obrigatoriedade da observancia dos plans, se non dificultasen a súa execución, poderán autorizarse usos e obras xustificadas de carácter provisional en solo urbano non consolidado, solo urbanizable delimitado e terreos afectados a sistemas xerais en tanto non fose iniciado o procedemento de xestión correspondente, sempre que non se encontren expresamente prohibidos pola lexislación urbanística ou sectorial nin polo planeamento xeral, que deberán demolerse cando o acordase o Concello, sen dereito a indemnización. A autorización aceptada polo propietario farase constar baixo as indicadas condicións no Rexistro da Propiedade.

As obras executadas para usos provisionais serán as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións facilmente desmontables. ***Non se admiten como usos provisionais os residenciais nin os industriais***.

**Cuarto.-** Establece o artigo 211 da LOUGA establece o seguinte:

1.- Cando algún acto distinto dos regulados no artigo anterior e que precisa da licenza ou comunicación previa se realizase sen ésta ou en contra das súas determinacións ou o contido comunicado, o alcalde dispondrá o cese inmediato de dito acto e incoará expediente de reposición de legalidade.

2.- Instruido o expediente de reposición de legalidade, e previa audiencia da persoa interesada, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Se a actividade se realizase sen licenza ou comunicación previa, ou sen axustarse a súas determinacións ou ao contido declarado, requerirase á persoa interesada para que solicite a oportuna licenza, presente comunicación previa ***ou axuste a actividade á xa concedida ou comunicada***.

b) Se a actividade non fose legalizable por ser incompatible co ordenamento urbanístico, procederase a impedir definitivamente a actividade e a ordenar a reposición dos bens afectados ó estado anterior ó incumprimento daquela.

3.- Si transcurrido o prazo de tres meses desde o requirimento a persoa interesada non solicita a oportuna licenza ou presenta comunicación previa, ou ***se é***

***o caso non axusta a actividade ás condicións sinaladas nela, o alcalde adoptará o acordo previsto no apartado b) do número anterior.*** Procederase de igual modo no suposto de que a licenza fose denegada por se-lo seu outorgamento contrario á legalidade.

No caso de incumprimento das medidas ordenadas, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria delas ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas reiterables mensualmente ata logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

**Quinto.-** O artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (no sucesivo LOUGA), dispón que están suxeitos a previa licenza municipal os actos de edificación e uso do solo e do subsolo, tales como, entre outros, as obras de nova planta.

**Sexto.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 195 da LOUGA no que se esixe que coas solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, con exemplares para cada un dos organismos que deban emitir informe sobre a solicitude. Asemade, para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

A petición da licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello, ó tratarse de obra maior.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Sétimo.-** O artigo 197 da LOUGA establece que no acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade da mesma por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

**Oitavo.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto vistos os antecedentes obrantes no expediente, vistos os informes emitidos polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

Fernández Veiga, visto o informe técnico desfavorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Antonio Queiruga Sarasquete na data 30 de xaneiro de 2012, visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 19.3.15 que acordou "*DISPOÑER QUE SE MANTEÑA A PARALIZACIÓN E PRECINTADO DA ACTIVIDADE DE ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO E CONXELADO CO OBXECTO DE IMPEDIR DEFINITIVAMENTE A ACTIVIDADE*", visto o informe técnico desfavorable emitido polo Arquitecto Técnico Jesús García Ramos na data 22 de abril de 2015, visto o artigo 21 e 102 da LOUGA que establecen que en solo urbanizable ***NON SE ADMITEN COMO USOS PROVISIONAIS OS RESIDENCIAIS NIN OS INDUSTRIAIS***, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 04/11/2015, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, ***ACORDA:***

**Primeiro.-** ***DENEGAR*** a ***LICENZA DE ACTIVIDADE PROVISIONAL*** solicitada pola entidade FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L. para ***ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO E CONXELADO*** no lugar de A Graña, Couso, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A023000200000KD.

**Segundo.-** *MANTER A PARALIZACIÓN E PRECINTADO DA ACTIVIDADE DE ELABORACIÓN DE PESCADO FRESCO E CONXELADO CO OBXECTO DE IMPEDIR DEFINITIVAMENTE A ACTIVIDADE* segundo o disposto pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 19.3.15

**Terceiro.-** No caso de incumprimento desta orde, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

O disposto nos párrafos anteriores entenderase sen prexuizo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ó que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

Do incumprimento desta orde darase conta no seu caso ao Ministerio Fiscal aos efectos da exixencia das responsabilidades que procedan.

**Cuarto.-** O disposto anteriormente exposto, entenderase sin perxuicio das responsabilidades penales, civiles e administrativas a que houbera lugar.

**Quinto.-** Notificar a presente resolución ós interesados entendendo como tal á FRIGORÍFICOS RIVEIRA MAR S.L., e Ramiro Vázquez, en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

**(Ausentase o Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, no punto 4 deste apartado e incorporándose á sesión no punto 5 – Artigo 76 da Lei 7/85)**

**1.-** Visto o escrito presentado por **Ramón González Romano,** de data 15/07/2015 (Rexistro de entrada nº 7.481), no que solicita licenza de obra para

restauración de muro existente sito en parcela con refª catastral nº 15074A013007040000KU no lugar de Montevixán, Carreira, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos 5 de agosto de 2015 así como a autorización emitida polo Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinada polo Xefe Territorial José Antonio Álvarez Vidal na data 17 de novembro de 2015, logo do informe ambiental emitido polo Servizo de Conservación da Natureza asinado polo Xefe do Servizo Rogelio Fernández Díaz na data 18 de novembro de 2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 11/12/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Ramón González Romano ***LICENZA DE OBRAS (Nº 94/15)*** para para ***RESTAURACIÓN DE MURO EXISTENTE*** no lugar de Montevixán, Carreira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A013007040000KU, nos termos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinada polo Xefe Territorial José Antonio Álvarez Vidal na data 17 de novembro de 2015, logo do informe ambiental emitido polo Servizo de Conservación da Natureza asinado polo Xefe do Servizo Rogelio Fernández Díaz na data 18 de novembro de 2015:

- *A restauración do muro existente de pedra tradicional de cachotería en seco sen morteiro de 5,30 metros de lonxitude e 50 cm. de alto, con reposición do deteriorado con pedras irregulares propias da zona, sen aumento nin cambio de volume nin de material, non debendo realizar cimentacións, nin encintado, así como tampouco poderán alterarse os hábitats naturais circundantes.*
- *Non se deberá afectar directa nin indirectamente á calidade do solo e das augas nin aos hábitats e poboacións de especies presentes no espazo natural protexido, debendo retirar escombros e refugallos froito da obra, residuos que, no seu conxunto, deberán xestionarse a través dun xestor autorizado.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Cuarto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra apreciasen desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Sétimo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 15/12/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS | | |
|---|---|---|
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | 4,04 € | |
| Licenzas urbanísticas | 43,13 € | TOTAL Ingresar/Devolver................................ **0,00 €** |

| DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Cota complementaria** | 47,17 € | **Cota Autoliquidada** | 47,17 € | **Diferenza** | 0,00 € |

**2.-** Visto o escrito presentado por **José García Ayaso,** de data 23/09/2015 (Rexistro de entrada nº 9.908), no que solicita licenza de obra para construción de

peche de finca de 18 metros de parcela con refª catastral nº 15074A92100764 sita no lugar de Cabadelo, Laxes, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos, de data 03/11/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 10/12/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Jose García Ayaso ***LICENZA DE OBRAS (Nº 95/15)*** para ***CONSTRUCCIÓN DE PECHE DE PARCELA DE 18 METROS*** con refª catastral nº 15074A92100764 sita no lugar de Cabadelo, Laxes, Riveira:

- ***CONDICIÓNS DE CONSTRUCIÓN:*** *O peche será preferentemente vexetal. Si se realiza con material opaco ou de fábrica non pode superar 1 metro de altura excepto en parcelas edificadas nas que puede alcanzar 1,50 metros. En todo caso débense realizar con materiales tradicionais do medio rural no que se localicen. Non se permite o empleo de bloques de formigón o materiais de fábrica sin revestir nin pintar.*
- ***CONDICIÓNS DE ALIÑACIÓN:*** *Deberá replantearse previamente ao inicio das obras, respetándose obrigatoriamente os retranqueos establecidos polo Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, con* ***retranqueos mínimos de 4 metros respecto ao eixo da vía****, respetándose* ***en todo caso un retranqueo de 5 m. de cauces públicos****.*
- ***OUTRAS CONDICIÓNS:*** *Deberá cumprir a lexislación vixente, particularmente a relativa a prevención de riscos laborais.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Cuarto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.**- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.**- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Sétimo.**- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 15/12/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS | | |
|---|---|---|
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | 21,46 € | |
| Licenzas urbanísticas | 43,13 € | TOTAL Ingresar/Devolver.............................. 0,00 € |

| DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Cota complementaria** | 64,59 € | **Cota Autoliquidada** | 64,59 € | **Diferenza** | 0,00 € |

**3.**- Visto o escrito presentado por **Antonio José Soto Freiria,** de data 22/10/2015 (Rexistro de entrada nº 10.885), no que solicita licenza de obra para construción de peche de finca de 35 metros de parcela con refª catastral nº 15074A940017590001IX sita no lugar de Iñeiras, Sirves, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARIA

Técnico Municipal Jesús García Ramos, de data 10/11/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 10/12/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Antonio José ~~Soto~~ Freiria ***LICENZA DE OBRAS (Nº 96/15)*** para ***CONSTRUCIÓN DE PECHE DE PARCELA DE 35 METROS*** con refª catastral nº 15074A940017590001IX sita no lugar de de Iñeiras, Sirves, Riveira:

- ***CONDICIÓNS DE CONSTRUCCIÓN:*** *O peche será preferentemente vexetal. Si se realiza con material opaco ou de fábrica non pode superar 1 metro de altura excepto en parcelas edificadas nas que puede alcanzar 1,50 metros. En todo caso débense realizar con materiales tradicionais do medio rural no que se localicen. Non se permite o empleo de bloques de formigón o materiais de fábrica sin revestir nin pintar.*
- ***CONDICIÓNS DE ALIÑACIÓN:*** *Deberá replantearse previamente ao inicio das obras, respetándose obrigatoriamente os retranqueos establecidos polo Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, con* ***retranqueos mínimos de 4 metros respecto ao eixo da vía****, respetándose* ***en todo caso un retranqueo de 5 m. de cauces públicos.***
- ***OUTRAS CONDICIÓNS:*** *Deberá cumprir a lexislación vixente, particularmente a relativa a prevención de riscos laborais.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Cuarto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a

inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Sétimo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 15/12/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS** | | | | | |
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | | 132,60 € | | | |
| Licenzas urbanísticas | | 43,13 € | TOTAL Ingresar/Devolver.............................. **0,00 €** | | |
| **DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA** | | | | | |
| **Cota complementaria** | 175,73 € | **Cota Autoliquidada** | 175,73 € | **Diferenza** | 0,00 € |

**4.-** Visto o escrito presentado por **Manuel Ruiz Rivas,** de data 27/10/2015 (Rexistro de entrada nº 11.080), no que solicita licenza de obra para construción de fosa séptica e división de perrera existente, en parcela con refª catastral nº 15074A940015680000UZ sita en Chan de Cobas, lugar de Muiño de Correa, Oleiros, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos, de data 18/11/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 04/12/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** ***CONCEDER*** a Manuel Ruiz Rivas ***LICENZA DE OBRAS (Nº 97/15)*** para ***CONSTRUCIÓN DE FOSA SÉPTICA*** *e* ***DIVISIÓN DE PERRERA EXISTENTE*** en parcela con refª catastral nº 15074A940015680000UZ sita en Chan de Cobas, lugar de Muiño de Correa, Oleiros, Riveira:

- ***CONDICIÓNS DE CONSTRUCCIÓN:*** *A fosa séptica situarase como mínimo a 5,00 m. dos colindantes, a 2 metros da edificación principal respetándose en todo caso un retranqueo de 5 m. de cauces públicos.*
- ***OUTRAS CONDICIÓNS:*** *Deberá cumprir a lexislación vixente, particularmente a relativa a prevención de riscos laborais.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Cuarto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Sétimo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*

- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 15/12/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

| LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS | | |
|---|---|---|
| Imposto sobre construcións, instalacións e obras | 4,93 € | |
| Licenzas urbanísticas | 43,13 € | TOTAL Ingresar/Devolver.............................. **46,53 €** |

| DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Cota complementaria** | 94,59 € | **Cota Autoliquidada** | 48,06 € | **Diferenza** | 46,53 € |

*- <u>PRAZOS PARA EFECTUAR O INGRESO</u> (Art. 62 da L-G.T. 58/2003 de 17 de decembro)*
*a) Recibida a notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 20 do mes seguinte.*
*b) Recibida a notificación entre os días 16 e último de cada mes, ambos inclusive:*
*Ata o día 5 do 2º mes posterior á notificación.*
*c) Se tales días fosen inhábiles, ata o inmediato hábil seguinte.*
*Transcorridos os ditos prazos sen efectuar o ingreso, procederase ao seu cobro por vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20% e demais gastos de execución.*

**5.-** Vistos os escritos presentados por **Francisco Pérez Martínez**, de datas 05/06/2015, 09/06/2015 e 08/09/2015 (Rexistros de entrada nº 5.842, 5.994 e 9.247), nos que solicita ***a renuncia expresa das licenzas de obras nº 87/96 e 125/97*** e a devolución das taxas aboadas.

A **<u>Xunta de Goberno Local</u>**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 09/10/2015, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 15/10/2015, así como ao informe de devolución de ingresos do Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 19/10/2015, por unanimidade dos presentes, **<u>ACORDA</u>:**

**Primeiro**.- ***ACEPTAR A RENUNCIA*** presentada por Francisco Pérez Martínez en relación ás ***LICENZAS DE OBRA Nº 87/1996 e 125/1997***, concedidas pola Xunta de Goberno Local en sesións de datas 8.2.96 e 17.4.97 para levar a cabo a construción de vivenda unifamiliar e ampliación de soto en parcela sita na Travesía de Padín, Riveira, ***DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.***

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**Segundo.-** Que se proceda á devolución dos tributos asociados ás solicitudes de licenzas de obras (nº lic. obras: 87/1996 – 1.568,07 € e nº lic. obras: 125/1997 – 189,20 €), formulada por **Francisco Pérez Martínez**, coa seguinte contía: **1.757,27 €**.

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á IMPOSICIÓN DE MULTA COERCITIVA DE 1.000 EUROS AO SR. MANUEL GERARDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ QUE SERÁ REITERABLE MENSUALMENTE ATA A EXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN ACORDADA POR DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 17 DE SETEMBRO DE 2008 EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 45/07.**

**EXPEDIENTE:** Reposición da Legalidade Urbanística DU 45/07.
**SITUACIÓN:** Listres de Abaixo, Aguiño, Riveira.
**PROMOTOR/A:** Manuel Gerardo Rodríguez Fernández.
**DENUNCIANTE:** Marina Suárez Guzmán, Julio Parada Suárez.
**FEITOS:** Construcción de vivenda unifamiliar incumprindo a condición especial 4ª da licenza de obra nº 370/06 no que respecta á cesión para dominio e uso público da parte da parcela afectada por aliñeacións segundo o PXOM.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 13 de xullo de 2006 otorgou ao Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández licenza de obras nº 370/06 para levar a cabo a construcción de vivenda unifamiliar no lugar de Listres de Abaixo, Aguiño, Riveira, coa condición especial 4ª que establece que o promotor deberá:

*"*

*(...)*

*Cederá a favor desta Administración Municipal, para dominio e uso público, a parte da parcela afectada por aliñacións, previo replanteo a realizar polos servicios Técnicos Municipais."*

2.- Posteriormente na data 20 de novembro de 2007, o Arquitecto Técnico Municipal e o Vixiante de Rendas do Concello de Riveira levantan acta de comprobación de obras na que dan conta de que se incumpre a condición especial 4ª de obras nº 370/06.

3.- Por Decreto de Alcaldía de data 19 de decembro de 2007 ordenouse a paralización dos actos de edificación; ao mesmo tempo incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que,

previa audiencia do interesado, se adoptase algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.- A notificación do citado Decreto practicouse ao promotor da edificación o Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández na data 15 de xaneiro de 2008.

5.- Notificado este emprazamento, o Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández na data 14 de febreiro de 2008 presenta alegacións.

6.- De conformidade co disposto no art. 209 da Lei 9/2002 de 30 decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, por Decreto de Alcaldía de data de 17 de setembro de 2008, notificado ao promotor da edificación, o Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández na data 6 de outubro de 2008, resolveuse:

*"*

*(...)*

*Desestimar as alegacións presentadas por Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández e ordenar, o cumprimento da condición especial 4ª da licenza nº 370/06, que obriga á cesión gratuita dos terreos afectados por aliñeacións."*

7.- Finalmente por Julio Parada Suárez, en escrito rexistrado de entrada na data 30.4.15, (Rexistro de entrada nº 4.452), preséntase escrito no que solicita:

*"*

*(...)*

*A restauración da legalidade a fin de facer efectiva a cesión a dominio e uso público, e, en todo caso, a imposición de multas coercitivas con reiteración mensual ata que se cumpra o acordado."*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Segundo o disposto no artigo 209 da LOUGA, cando se estivesen executando obras sen licenza ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas, o alcalde dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoa-lo expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ó interesado.

Instruido o expediente de reposición da legalidade e logo de dar audiencia ó interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras non fosen legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos ós que desen lugar ou, se é o caso, á reconstrucción do indebidamente demolido.
b) Si as obras fosen legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ó interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licencia, manténdose a suspensión das obras en tanto esta non sexa outorgada.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

c) Si as obras non se axustan ás condicións sinaladas na licencia ou orde de execución, ordenaráselle ó interesado que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición do interesado, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar faga inviable a súa acomodación ás previsións da licencia no prazo previsto.

Este procedemento deberá resolverse no prazo de un ano contado desde a data do acordo de iniciación.

Si transcurrido o prazo de tres meses desde o requerimiento o interesado non solicitase a oportuna licenza ou, se é o caso, non axustara as obras ás condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde acordará a demolición das obras a custa do interesado e procederá a impedir definitivamente os usos ós que dese lugar. Procederase de igual modo no suposto de que a licencia fose denegada por se-lo seu outorgamento contrario á legalidade.

No caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

O disposto nos párrafos anteriores entenderase sen prexuizo da imposición das sancións que procedan.

Na súa virtude, vistos os antecedentes obrantes no expediente, vista a condición especial 4ª da licenza de obra nº 370/06 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 13 de xullo de 2006, visto o Decreto de Alcaldía de data de 17 de setembro de 2008 que resolve o expediente de disciplina urbanística DU 45/07, quedando constatado a emisión do presente informe, que o Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández non materializou a cesión do terreo a cesión para dominio e uso público da parte da parcela afectada por aliñeacións segundo o PXOM, e polo que de conformidade co disposto polo artigo 63.1º do Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia, polo artigo 209 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e visto o informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 01/09/2015, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**Primeiro.-** ***IMPOÑER*** ao Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández ***UNHA MULTA COERCITIVA DE 1.000 €, QUE SERÁ REITERABLE MENSUALMENTE ATA QUE O INTERESADO PROCEDA A CUMPRIR CO ORDENADO***, e proceda ***A SÚA CUSTA Á DEMOLICIÓN DO MURO AFECTADO POR ALIÑACIÓN,*** en cumprimento da condición especial 4ª da licenza de obra nº 370/06 que obriga á cesión gratuita dos terreos afectados por aliñeacións no lugar de Listres de Abaixo, Aguiño, Riveira.

A multa imposta reducirase na súa contía nun 30% se é aboada no prazo de quince dias a partir da notificación da multa e o infractor mostra por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao ejercicio de toda acción de impugnación no referido prazo (Disposición Adicional 5ª da Louga).

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

O importe da multa deberá facerse efectivo na Tesourería deste Concello, nas horas de oficina nos seguintes prazos:

- Para as notificacións practicadas entre os dias 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, ou, si éste non fora hábil ata o inmediato hábil seguinte.
- Para as notificacións practicadas entre o 16 e o último de cada mes, desde a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, si éste non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

**Segundo**.- Advertirlle ao interesado que de non facerse efectivo o importe da multa nos prazos sinalados, procederase o seu cobro pola vía administrativa de constrinximento, co recargo do 20%, intereses de demora e costas que en cada caso sexan esixibles.

**Terceiro.**- Notificarlle ao interesado que contra a resolución de imposición da multa coercitiva, por ser un acto que pon fin á via administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que dictou a resolución expresa no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa presentación.

Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente ou, no caso de interposición do potestativo recurso de reposición, desde o día seguinte ao da resolución expresa do mesmo.

Si a resolución do recurso de reposición non fora expresa senón tácita, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar desde a día seguinte ó que se produzca o acto presunto. Todo iso, sen prexuizo de que poida interpoñer calquera outro que considere procedente.

Advertir ao Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández que, en caso de incumprimento da orde de demolición, a Administración municipal procederá á execución subsidiaria da mesma.

**<u>Cuarto</u>.**- Notificar a presente resolución aos interesados entendendo como tal Manuel Gerardo Rodríguez Fernández, á Sra. Marina Suárez Guzmán así como ao Sr. Julio Parada Suárez, en cumprimento do disposto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemetno administrativo común.

**VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

**IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

**X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

**1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON ANTONIO EDREIRA SÁNCHEZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE ASEGURADORA MAPFRE FAMILIAR S.A. POLOS DANOS OCASIONADOS EN VEHÍCULO AO BATER CONTRA O MESMO UNHA PEDRA POR MOR DAS LABORES DE DESBROCE QUE ESTABAN REALIZANDO OPERARIOS MUNICIPAIS. Expediente nº: 19/2015 RP.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **don Antonio Edreira Sánchez**, en nome e representación da entidade **MAPFRE FAMILIAR S.A.**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

*Primeiro*.- O día 20 de agosto de 2015, operarios municipais estaban a realizar traballos de desbroce na rúa Xoana Torres, cando, de súpeto, da máquina de desbrozar que estaban a utilizar, saíu despedida unha pedra que bateu contra o vehículo con placas de matrícula C7975BX, causando danos no citado vehículo.

*Segundo*.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 05/10/2015 co número 10.287, don Antonio Edreira Sánchez, en nome e representación da entidade aseguradora Mapfre Familiar S.A., promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 80,15 €.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia compulsada da factura de reparación do vehículo; unha fotografía do vehículo; certificado do seguro; copia de poder notarial a favor de Antonio Edreira Sánchez; copia do DNI de Antonio Edreira Sánchez; e escrito do taller reparador do vehículo dando conta do abono da reparación por parte da entidade aseguradora do vehículo.

*Terceiro.-* Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el informe emitido polo encargado do servizo de parques e xardíns do Concello de Riveira.

*Cuarto.-* Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que o reclamante, mediante escrito rexistrado de entrada na data 06/11/2015 co número 11.441, presenta alegacións nas que reitera a súa petición.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-**
A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

**Segundo.-**
Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de procedemento das administración públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, de 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial.

**Terceiro.-**
O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no

seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**Cuarto.-**

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

**Ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento** por ser a entidade aseguradora do vehículo sinistrado e facerse cargo do custo de reparación dos danos, de conformidade co contrato de seguro subscrito, o que lle confire, polo menos, un interese lexítimo neste procedemento.

A entidade aseguradora actúa representada por don Antonio Edreira Sánchez, que acredita debidamente a súa representación coa escritura de protocolización de acordos sociais, outorgada por Mapfre Familiar S.A., autorizada polo Notario de Madrid, don José Mª Súarez Sánchez-Ventura, na data 05/03/2009, co número 493 de protocolo.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira, ao ser a Administración titular do servizo que ocasionou o dano reclamado.**

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende da factura de reparación do vehículo que o reclamante achega coa súa reclamación, emitida polo taller "*Glassdrive*".

Sentado o anterior, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento do servizo público municipal.

A estes efectos, **no informe emitido na data 26/10/2015 por don Vicente Alberto Sieira Cores, encargado do servizo de parques e xardíns do Concello de Riveira**, disponse que: *"O pasado 20/08/2015 realizando traballos de mantemento do xardín da rúa Xoana Torres,* ***un operario municipal de parques e xardíns realizando traballos de desbroce rompe unha lúa dianteira da furgoneta Volkswagen LT con matrícula C-7975-BX estacionada na citada rúa ao saír unha pedra despedida, tendo coñecemento dos feitos o encargado do servizo."***

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a neglixencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo con placas de matrícula C-7975-BX.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/11/2015, e ao informe de fiscalización previa favorable emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 03/12/2015, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Antonio Edreira Sánchez, en nome e representación de MAPFRE FAMILIAR S.A., na contía total de 80,15 €.

**2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON RAMÓN FERNÁNDEZ LAGO, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE COMPLEMENTOS R. LAGO D2 S.L., POR DANOS EN VEHÍCULO POR MOR DA CAÍDA DUN SINAL DE TRÁFICO CANDO ESTABA ESTACIONADO NA PRAZA DA IGREXA. Expediente nº: 30/2014 RP.**

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **don Ramón Fernández Lago**, en nome e representación de "**Complementos R. Lago D2 S.L.**", co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

**FEITOS**

*Primeiro.-* O día 05 de xaneiro de 2014, o vehículo Audi A4, con placas de matrícula 1877 DVK, propiedade da entidade "Complementos R. Lago D2 S.L.", estaba estacionado na Praza da Igrexa (onde se atopa a entidade bancaria BBVA), cando, de súpeto, un sinal de tráfico que se atopaba na beirarrúa bateu contra o vehículo, causándolle diversos danos materiais.

*Segundo.-* Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 17/12/2014 co número 15.457, don Ramón Fernández Lago, en nome e representación de "Complementos R. Lago D2 S.L.", promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 270,65 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia compulsada do permiso de circulación do vehículo; informe da Policía Local de Riveira; informe pericial; e factura proforma do custo de reparación do vehículo emitida por "Talleres Joaquín Sieira S.L.".

Posteriormente, a requirimento desta Administración, mediante escrito rexistrado de entrada na data 05/03/2015 co número 2.435, achega copia da escritura de constitución de sociedade limitada de carácter unipersoal "Complementos R. Lago D2 S.L.", autorizada polo Notario Don José Prieto Luengo, na

data 29/04/2004 co número 850 de protocolo, na que consta don Ramón Fernández Lago como administrador único da mesma.

*Terceiro.-* Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el informe emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico, rexistrado de entrada na data 10/02/2015 co número 1.482 e informe emitido pola Policía Local do Concello de Riveira na data 16/02/2015.

*Cuarto.-* Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 15 días hábiles, prazo no que non consta que se presentase ningunha reclamación.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-**

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

**Segundo.-**

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de procedemento das administración públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, de 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial.

**Terceiro.-**

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

**Cuarto.-**

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, a entidade "Complementos R. Lago D2 S.L." é titular do vehículo matrícula 1877-DVK**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

Actúa representada por don Ramón Fernández Lago, que acredita debidamente a súa representación coa escritura de constitución de sociedade limitada de carácter unipersoal "Complementos R. Lago D2 S.L.", autorizada polo Notario Don José Prieto Luengo, na data 29/04/2004 co número 850 de protocolo, na que consta don Ramón Fernández Lago como administrador único da mesma.

**A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira, xa que a sinalización da zona na que se produciu o sinistro é competencia do Concello de Riveira,** segundo afirma a Policía Local no seu informe de data 16/02/2015, polo que a esta Administración lle corresponde a conservación dos sinais da súa propiedade e a substitución dos que se atopen deteriorados e non cumpran o seu obxecto, segundo dispoñen os artigos 57 e 58 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Viaria.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe policial realizada o día do accidente: *"Compróbase os danos na aleta e capot (...)"* e da factura proforma de reparación do vehículo que o reclamante achega coa súa reclamación.

CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

Sentado o anterior, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario.

A estes efectos, **a Policía Local no informe emitido na data do sinistro dispón que:** *"O vehículo estaba correctamente estacionado.* ***Este sinal de prohibido estacionar fora posta para o paso da cabalgata de Reis o día anterior, ou sexa o día 5 de xaneiro. Non había sido retirada aínda da rúa e levada ao galpón de Xarás por funcionarios da súa competencia. O sinal estaba sen efecto desde as 22 horas do día anterior. A sinalización é competencia do Concello de Riveira. O sinal caeu por mor dunha racha de vento."***

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a neglixencia do reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo viario municipal e os danos ocasionados ao vehículo con placas de matrícula 1877 DVK, propiedade da entidade "Complementos R. Lago D2, S.L.".

Respecto do *quantum* a indemnizar, o reclamante presenta un presuposto de reparación do vehículo emitido por *"Talleres Joaquín Sieira S.L."* que cuantifica o custo da reparación na contía total de 223,68 euros sen IVE, e nun total de 270,65 euros se lle engadimos o 21% do IVE. Como neste caso o reclamante non presenta a factura de reparación do vehículo, soamente unha factura proforma, enténdese que non debe indemnizarse a porcentaxe que corresponde polo pago do IVE.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 13/11/2015, e ao informe de fiscalización previa favorable emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 03/12/2015, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Ramón Fernández Lago, en nome e representación de "Complementos R. Lago D2, S.L.", na contía de 223,68 euros.

O abono da referida contía farase do seguinte xeito: o Concello abonará ao reclamante a contía de 150 euros, que é a franquicia estipulada coa entidade aseguradora Mapfre, correspondendo a Mapfre o abono da contía restante, isto é, a cantidade de 73,68 euros ao reclamante.

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARÍA

**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido polo **Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela**, de data 02/12/2015, no que achega resolución firme, de data 30/11/2015, pola que se declara a terminación do recurso (Procedemento abreviado 0000153/2015) por acordo entre as partes.

**A Presidencia levanta a sesión sendo as trece horas e corenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.**

**Riveira, 17 de decembro de 2015**

**O Alcalde** | **Dou fe, o secretario xeral**

CONCELLO DE RIVEIRA ALCALDÍA | CONCELLO DE RIVEIRA SECRETARÍA

**Manuel Ruiz Rivas** | **Juan Manuel Salguero del Valle**